

cultura

Lugo contará cun novo mural para por en valor a cultura castrexa. **Pax. 5**

nomeamento

José Manuel Besteiro substitúe a José Miñones como delegado do Goberno. **Pax. 10**

economía

Licitan 14 novos postos na Praza de Abastos e no Mercado. **Pax. 13**

infraestruturas

Abren as Caldas do río Miño xunto á nova senda peonil e o paso soterrado. **Pax. 15**

deportes

O Palas logra o ascenso a Segunda Galicia mentres o Lugo segue con cambios. **Pax. 30**

A construción da Rolda Leste sementa a polémica



As eleccións de maio marcan a vida política

A maior parte dos partidos presentaron os candidatos a alcaldes en cada concello. **Pax. 2-3**

O Arde Lucus xa é festa internacional

Recibiu o distintivo días antes da presentación do seu cartel para este ano. **Pax. 4**

Fa Ce La Fest, en maio



Convocada a sétima edición do festival de música entre o 11 e o 13. **Pax. 4**

Entrevista a Juan Castro



É autor do libro 'Aquí non pasa nada. Historias musicais de Lugo'. **Pax. 7**

Campamento de verán



Pol terá en xullo unha cita co Campus Kingtela de baloncesto. **Pax. 31**

O Pleno avala o Plan Único da Deputación

Os concellos destinan 16 millóns de euros a obras, 3,7 a fomento do emprego e 3,4 ao SAF. **Pax. 23**

VIAJA SIN LIMITES

Alquila una autocaravana



Crta. de Santiago N.540 Km 4.5.
27210. Lugo

Tel.: 982 283 051 - 623 028 811

info@yakartautocaravanas.com

www.yakartautocaravanas.com



A FONDO

Como se escollen os deputados?

Nos comicios de maio votarase polo Goberno local onde está censado e o voto repercutirá na composición do organismo provincial


A provincia prepárase para celebrar de novo as eleccións municipais, uns comicios que nos ofrecerán unha renovación dos equipos de goberno á fronte das alcaldías. Pero, ademais, co seus votos, os lugueses tamén escollen a composición da Deputación Provincial, aínda que isto se fai de maneira indirecta, xa que o veciño non vota directamente a un deputado dun partido ou doutro pero si a cor política do voto implicará que o electo sexa dun partido ou doutro. Actualmente, a provincia está dividida en sete partidos xudiciais ou xuntas electorais que aportan un número de deputados diferente, xa que a poboación é tamén moi distinta. Así, o máis numeroso é o partido xudicial de Lugo, ou zona centro. O peso poboacional de Lugo lévao a capital e de aí saen 12 deputados, case a metade dos elixibles, que son 25. Ademais da capital súmanse neste grupo os votos dos concellos da contorna, parte da montaña e da comarca sarriá.

A seguinte xunta electoral por tamaño é a de Mondoñedo, onde están incluídos os concellos da Mariña. Elixe seis deputados.

Despois tres xuntas electorais contan con dous deputados cada unha. Son as de Monforte (concellos da Ribeira Sacra e o Courel), Chantada (que engloba a zona da Ulloa) e Vilalba (cos da Terra Chá).

Finalmente, queda un deputado no tinteiro, o que sae dos concellos da zona da Fonsagrada e Ancares e que moitas veces é o que marca a cor política que goberna na Deputación xa que a igualdade foi máxima nos últimos comicios no resto. O pacto entre PSOE e BNG levouse pola mínima diferenza o Goberno da Deputación no 2015 e no 2019 aínda que é o PP o que tivo o maior número de deputados nas dúas ocasións.


Unha vez constituídos todos os concellos, os escanos das deputacións



REPARTO POR CONCELLOS

- **Chantada** (2 deputados) Antas de Ulla, Carballado, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín, e Taboada.
- **Fonsagrada** (1 deputado) Baleira, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Ribeira de Piquín.
- **Lugo** (12 deputados) Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, O Corgo, Friol, Guntín, O Incio, Láncara, Lugo, Meira, As Nogais, Outeiro de Rei, Paradela, O Páramo, Pol, Pedrafita, Rábade, Samos, Sarria e Triacastela.
- **Mondoñedo** (6 deputados) Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Oural, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove
- **Monforte** (2 deputados) A Pobra de Brollón, Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.
- **Vilalba** (2 deputados) Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade.

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL



DEPUTADOS ACTUAIS

Chantada

Pilar García Porto. PSOE
Pablo José Taboada Camoira. PP

Fonsagrada

Roberto Fernández Rico. PSOE

Lugo

José Luis Raposo Magdalena. PSOE
Xosé María Arias Fernández. PSOE
Pablo Rivera Capón. PSOE
Ana González Abelleira. PSOE
Maite Ferreiro Tallón. BNG
Efrén Castro Caloto. BNG
Jesús Manuel Núñez Díaz. PP
Francisco Javier Balado Teijeiro. PP
José Pardo Lombao. PP
José Fernández Vázquez. PP
José Ángel Santos Sánchez. PP
Oscar Poy Franco. PP

Mondoñedo

Mayra García Bermúdez. PSOE
María Loureiro García. PSOE
Mónica Freire Rancaño. BNG
Javier Jorge Castiñeira. PP
José Manuel Gómez Puente. PP
Jesús Novo Martínez. PP

Monforte

José Tomé Roca. PSOE
Lola Castro Ochoa. PP

Vilalba

Roberto García Pernas. PSOE
Xosé María Teixido Núñez. PP

provinciais repártense, por cada partido xudicial, segundo a fórmula D'Hondt, entre aqueles partidos que obtiveron algún concelleiro en cada partido xudicial e segundo o número de votos conseguidos por cada un deles. Os deputados provinciais que corresponden a cada partido político son elixidos, a nivel de partido xudicial, entre e polos concelleiros de cada un deles, que pertencen aos municipios que comprende cada

zona. Tradicionalmente os deputados están divididos a partes iguais en Chantada, Monforte e Vilalba. A representación nacionalista súmase desde os partidos xudiciais máis numerosos (Lugo e Mondoñedo). Nas últimas eleccións, na de Lugo, 6 dos deputados foron do PP, 4 do PSOE e 2 do BNG. Na Mariña tamén tivo o PP 3, 2 o PSOE e 1 o BNG, polo tanto foi o voto socialista da Fonsagrada o que rompeu o empate.

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA
Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA
ENX. FORESTAL
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.
Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ABAU (Antigua selectividad)
BAC - E.S.O.
ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física
Química - Lengua
Gallego - Inglés
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte

j.m.rivas
ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAY

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

A comarca ultima os candidatos

Partido Xudicial Lugo

Poucos cambios nos concellos da comarca de Lugo, nos que repiten os candidatos que ocupan agora mesmo a Alcaldía. É o caso de **Castro de Rei**, onde o popular Francisco Balado volve presentarse tras varias lexislaturas no poder. Cambian iso si os líderes da oposición. Este ano encabeza aos socialistas Alba Sinde, mentres que á fronte do BNG está Olga García Portela.

No concello veciño de **Outeiro de Rei**, José Pardo Lombao repite como alcaldable do Partido Popular, ao igual que fai a socialista Carmen Acacio. O que aínda non se sabe é quen se ocupará de liderar o BNG despois de que Lara Pita pasara a ocupar este cargo no mes de xuño trala retirada de primeira fila de Xosé Ferreiro.

Outro dos candidatos nacionalistas que non se coñecen aínda é o de **Pol**. Tras conseguir representación nas anteriores eleccións, Óscar Carballés encargouse do partido pero non confirmou a súa continuidade. Quen si o fixo foi o socialista Lino Rodríguez Ónega, que aspira novamente a revalidar a maioría absoluta que mantén. Polo PP, preséntase unha cara nova, Nicole Grueira, unha das



candidatas máis novas das listas da provincia.

En **Rábade**, continuidade total, xa que volverán presentarse o alcalde actual Francisco Fernández Montes, polos Independentes, e Alejandro Martínez, polo PSOE, que gobernan en coalición e que cravaron resultados nas dúas últimas eleccións. Polo partido popular volve presentarse Remedios González Cabarcos, que liderou a oposición de Rábade esta última lexislatura.

En **Friol**, o popular José Ángel Santos, que conta cunha das maiorías máis importantes do PP na provincia (ten 10 concelleiros dos 11 a reparto), volverá presentarse. Pola contra, o PSOE aínda non confirmou candidato. Si o fixo o BNG, que espera recuperar o terreo perdido nas últimas lexislaturas da man de Ada Blanco.

Na cidade de **Lugo** só o Partido Popular cambia de candidato, que será Elena Candía mentres que BNG, PSOE e Ciudadanos repiten con Rubén Arroxo, Lara Méndez e Olga Louzao, respectivamente.

No concello de **Baralla**, onde o Partido Popular goberna en maioría absoluta, será Miguel González, que ocupa o posto de alcalde tras o falecemento do seu pai Manuel González apenas quince días despois de tomar posesión, o encargado de encabezar a lista dos populares. O BNG renova candidato con Xabier González como cabeza de lista mentres que no PSOE repite Jaime González. En **Becerreá** tanto Partido Popular como Partido Socialista renovan candidatos e será José Fernández o aspirante á Alcaldía dos populares e Carlos Pereira o candidato dos socialistas. Galicia Sempre e BNG aínda non anunciaron aos seus cabeza de lista.

PSOE e BNG manteñen a súa confianza nos candidatos á Alcaldía das pasadas eleccións en **Castroverde**



con Xosé María Arias para os socialistas e Iria Castro para os nacionalistas. O PP renova cabeza de lista e será Pablo Figueras o seu candidato á Alcaldía.

En **Cervantes** o alcalde do PSOE Benigno Gómez repite como candidato mentres que o Partido Popular renova candidato con Óscar Fernández Gómez como cabeza de lista.

Dos catro grupo políticos con representación no **Corgo** tres xa anunciaron aos seus candidatos. PP e PSOE repiten con Felipe Labrada como alcaldable dos populares e Francisco Otero para os socialistas. O BNG renova candidata e será Pilar Bellón encargada de encabezar a lista para as vindeiras eleccións. Ciudadanos, pola súa parte, aínda non anunciou candidato.

No concello de **Guntín** o Partido Popular repite candidata con María José Gómez Rodríguez, actual alcaldesa ao igual que o PSOE, pero BNG aínda non fixo público quen será o seu candidato.

O Partido Popular das **Nogais** repite con Jesús Manuel Núñez como alcaldable para as vindeiras eleccións e o PSOE renova candidata e será Sonia Fernández encargada de encabezar a lista.

En **Pedrafita do Cebreiro** PSOE e PP repiten candidatos con José Luis Ra-

poso polos socialistas e Miguel Ángel Castro polos populares.

Partido Xudicial Fonsagrada

No concello da **Fonsagrada** PP e PSOE mantiveron nas pasadas eleccións unha gran igualdade con apenas dez votos de diferenza. Os socialistas confían en Carlos López, actual alcalde, como cabeza de listas mentres que o Partido Popular e BNG renovan candidato con Bernardo Niño e Rosa Rego respectivamente.

En **Navia de Suarna** o Partido Popular renova candidato con Raúl Pérez como cabeza de lista mentres que PSOE e BNG repiten candidatos con José Fernández para a agrupación socialistas e Roberto Carballo na agrupación nacionalista.

Os socialistas repiten candidato en **Ribeira de Piquín** con Roberto Fernández como cabeza de lista mentres que na agrupación popular será José Osorio o novo candidato.

O PP repite candidato en **Baleira** con Angel Martínez Puga onde os socialistas aínda non anunciaron candidato mentres que en Negueira de Muñiz é o PSOE quen volve a confiar no seu candidato José Manuel Braña e non se coñece candidato polo Partido Popular.

Partido Xudicial Chantada

En **Antas de Ulla** Pilar García Porto repite como candidata á Alcaldía polo Partido Socialista e o Partido Popular tamén repite candidato con Javier Varela. Alternativa Veciñal de Antas de Ulla, que mantivo unha xuntanza o pasado 25 aínda non anunciou se volverán a participar nas eleccións.

No concello de **Monterroso** Rocío Seijas será a candidata por Independentes Monterroso mentres



que Antonio Gato, que encabezou esta lista no 2019 presentase agora como cabeza de lista do Partido Socialista, onde militou dende o 1973 ata o 2018. O Partido Popular volve confiar en Eloy Pérez para estas eleccións e Compromiso por Galicia aínda non anunciou candidato.

En **Palas de Rei** o Partido Popular repite con Pablo José Taboada quen goberna en maioría absoluta mentres que o Partido Socialista renova candidato e será Ana Corredoira a alcaldable da agrupación. Tamén no concello de **Portomarín** os socialistas renovan candidato que nesta ocasión será Marcos Arias mentres que os populares confían no actual alcalde Pablo Rivas.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



O XXV Certame de narración curta Ánxel Fole xa ten gañadora

O xurado do XXV Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que anualmente organiza o Concello de Lugo xunto coa colaboración de Edicións Xerais de Galiza, escolleu como gañadora a obra *Finximentos*, de Mariña Pérez Rei, que recibirá un premio de 4.000€ e a obra será publicada por Edicións Xerais de Galiza.

Maite Ferreiro destacou este certame como “unha cita consolidada xa no calendario cultural galego, co que anualmente descubrimos novas historias de gran calidade”.

Mariña Pérez Rei é licenciada en filoloxía Galego-Portuguesa e filoloxía Hispánica. Exerce como profesora de lingua e literatura galega no IES Eduardo Pondal de Compostela, onde lidera o Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Conta con múltiples

obras publicadas, e o certame Ánxel Fole do Concello de Lugo únese aos múltiples premios cos que xa conta esta escritora, como o IX Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos no 2010 ou o Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey no 2006.

A obra *Finximentos* destacou sobre as demais, a xuízo das integrantes do xurado, por tratarse dunha novela narrada de modo moi visual que fala sobre a soidade e está inzada de arrebatos literarios. É un texto dramático que destaca pola súa orixinalidade e nel reflexiónase sobre a relación que se establece co material e cómo isto se reflicte na nosa vida. O xurado estivo conformado pola escritora Beatriz Dourado, o escritor Xerardo Quintiá e o tradutor Alexandre Alonso

O Arde Lucus xa é Festa de Interese Turístico Internacional

O Arde Lucus vén de ser declarada Festa de Interese Turístico Internacional, tras cumprir xa os cinco anos como Festa de Interese Nacional.

A festa que este ano celebrábase os días 22, 23, 24 e 25 de xuño vén ampliando cada edición a súa presenza nacional e internacional, coa colaboración con outras asociacións e festas de recreacións nacional e internacionais, e, nestes últimos anos alcanzaronse os maiores índices de coñecemento desta festa fóra de Galicia e España grazas, en gran parte, ao tirón das novas tecnoloxías.

Este recoñecemento chega grazas a un traballo conxunto e ao labor e implicación de todo o tecido asociativo que ano tras ano traballa para que o Arde Lucus sea unha celebración única.

A alcaldesa fixo extensiva a súa gratitude non só ás 19 asociacións de recreación histórica que forman parte da organización dos festexos e que aglutinan a preto dun millar de socios e socias, senón tamén a moitas outras persoas que mobilizan a amigos e familiares e que cooperan na preparación de actividades programadas. Como decisivo é tamén o



traballo que levan a cabo os distintos sectores da cidade, os patrocinadores e tamén os centros educativos, así como o equipo técnico municipal. Unha festa que comezou para incentivar o sector da hostalaría do centro histórico, e que tan só duraba unha noite, pero que non tardou moito en converterse nunha festa de recreación histórica, cun compoñente indentitario, patrimonial, cultural, lúdico e de dinamización económica que a fan absolutamente singular. No ano 2003 ampliouse a súa duración a toda a fin de semana e hoxe en día, a festa arrinca xa o xoves. En

2011, foi declarada festa de Interese Turístico de Galicia e no 2017 conseguiu o recoñecemento nacional.

CARTEL. Este ano fixeron falta dúas reunións do xurado do concurso para obter o cartel gañador da edición, tras detectarse que o cartel gañador deste ano presentaba moitas similitudes con outro traballo que foi utilizado para anunciar as fallas de Valencia no ano 2018. Finalmente o traballo premiado foi o de María Andrea Freire Parga, titulado *Fera Mullers* no que a muller adquire un papel protagonista.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

O Fa Ce La Fest celebra a séptima edición en maio

Volve a séptima edición do Fa Ce La Fest, o festival de música independente de Lugo que conta coa colaboración da área de Cultura. “Renovamos o noso apoio a un festival xa consolidado no calendario cultural de Lugo, que realiza unha importante aposta pola presenza das agrupacións lideradas por mulleres e polos grupos de Lugo”, explicou Maite Ferreiro.

O Fa Ce La Fest celebrábase entre o 11 e o 13 de maio e o escenario principal volverá ser o exterior do Auditorio Gustavo Freire, e o cartel aposta un ano máis por bandas míticas da escena independente, entre as que se atopan La Bien Querida, Ron Gallo, Micah P. Hinson, The Neatbeats ou The Shadracks.

Completan o cartel bandas emerxentes galegas; algunhas máis consagradas e outras que practicamente farán o seu debut no festival. Fa Ce La Fest aposta pola mestura entre bandas galegas novas e ban-



das internacionais e estatais máis consolidadas, poñendo en valor a música galega e especialmente a lucense.

Así pasarán por esta edición Dalsi, Lunamotos, Musel, Ángel Novocad, Pastor Eléctrico, Copa Turbo e os Músculo, que son a banda perfecta para pechar o cartel do festival co seu directo trepidante, onde a electrónica se une a outros estilos para crear unha atmosfera á altura das grandes bandas internacionais.

Presentan a nova guía de rutas para bicicleta de montaña

O Pazo de San Marcos acolleu a presentación dunha nova edición da guía *Rutas en bici de montaña polos arredores de Lugo*, editada polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Trátase dunha ampliación e actualización dunha guía publicada en 2010, con novas rutas e un código QR que redirixe aos tracks das rutas en formato gpx descargable.

A guía incluíu 17 itinerarios, con diferentes niveis de esixencia e dificultade, que convidan a coñecer a desfrutar en bici de sendeiros, camiños de carros, corgas, muras, muíños, pendellos e casas, bosque de ribeira, fragas, e pradeiras, convertendo a publicación nun material de consulta de interese para as afeccionadas e afeccionados a este deporte.

A publicación pon tamén en valor o traballo de moitos ciclistas que as percorren e as manteñen con respecto polo patrimonio natural e etnográfico do mesmo xeito e as documentan para que poidan servir de reclamo para que ciclistas de fóra se acheguen a percorrelas e disfrutalas.

María López Sáñez ingresa na Real Academia Galega en Lugo

María López Sáñez ingresou na Real Academia Galega como membro de número explorando a relación da paisaxe cos inicios do ensaísmo galego. A filóloga e escritora, profesora de Didáctica da Lingua e da Literatura da Universidade de Santiago de Compostela, reivindicou a descrición da natureza como parte esencial da necesidade da autorrepresentación colectiva e puxo o acento na importancia da xeración dos 50 neste labor intelectual. “A paisaxe constitúe un dos eixos recorrentes, poida que o máis sobranceiro de todos, do pensamento galego”, afirmou no discurso que pronunciou no Círculo das Artes de Lugo, a súa cidade natal.

A nova académica identificou o xermolo do ensaísmo no limiar de Cantares gallegos, exemplo de “autorrepresentación radical” que “constituíu o acto político máis poderoso da Galicia do século XIX”; e sinalou a Ramón Otero Pedrayo como figura clave para a eclosión a mediados do século pasado dun xénero que sempre constituíu para as linguas minorizadas “o último chanzo na loita polo seu recoñecemento como códigos de pleno dereito”.

O discurso de María López Sáñez



préstalles unha atención especial aos autores lugueses dos anos 50, que foron parte destacada dunha xeración que construíu “unha obra coral” arredor da paisaxe. O propio Celestino Fernández de la Vega, quen parodiando a Ortega y Gasset afirmou “eu son eu e maila miña entrañable e íntima paisaxe luguesa”, o papel de Ánxel Fole na cohesión do grupo que eles mesmos formaron con Ramón Piñeiro, Luís Pimentel e outros autores, “toda unha constelación de figuras que se atopan neste Lugo da posguerra e que desempeñarán un papel decisivo na historia de Galicia e na consolidación do ensaio como xénero das nosas letras”.

A investigadora gaba en concreto un par de textos, *Abrente e solpor da paisaxe*, de Celestino Fernández de la Vega, do que resalta a fondura filosófica e o entroncamento coa historia das ideas estéticas; e *Mito e realidade da Terra nai*, de Xoán Rof Carballo, “un dos máis fermosos ensaios sobre a paisaxe galega”. “Determonos nestes dous ensaios esenciais do pensamento galego arredor da paisaxe é un modo de abrimos a fiestra cara a esta preocupación central en toda a xeración de Galaxia e na súa escrita ensaística”, explica. Moitos e moitas, detrás de todos eles, seguiron a achegarse ao pensamento arredor da paisaxe.

O programa +Xtí ofrece novas formacións de balde para a mocidade

Lugo acolle unha actividade relacionada co mundo audiovisual para a mocidade desempregada do municipio como acción formativa de iniciación nun sector cunha alta demanda profesional.

Será un curso teórico-práctico no que o alumnado coñecerá as distintas fases da creación de contido audiovisual, desde a preparación do guión ata a preproducción, gravación e edición. Así mesmo, traballarase coa mocidade en competencias e habilidades para mellorar a autoconfianza, resiliencia e a capacidade de traballo en grupo.

A actividade, organizada polo Servizo de Prevención de Drogodependencias e outras adicións, dará comezo en abril.

A formación que é totalmente gratuita, ten unha duración de 50 horas e 15 prazas dispoñibles. Impartirase todos os venres, do 14 de abril ao 30 de xuño, de 16.30 a 20:30 horas no CEI-Nodus.

As inscricións poden realizarse ata o 12 de abril a través da web lugomasxti.org, e aceptarase por rigorosa orde de inscrición, cumprindo

os requisitos de idades e estar empadroados na cidade. Os menores de idade precisan dunha autorización firmada de pai, nai ou tutor/a así como a copia do DNI.

Tamén está dispoñible un curso gratuito de community manager, creación de contidos dixitais seguros e marca persoal dentro da programación do Lugo +Xtí 2023, subvencionada polo Plan Nacional sobre Drogas dirixido a lucenses de 16 a 35 anos, empadroados en Lugo.

Este curso busca dar unha visión práctica e real da utilización das redes sociais, mediante a aprendizaxe de coñecementos que poderán ser aplicados en contornas laborais.

Con 60 horas de duración será impartido todos os martes e mércores do 17 de abril ao 28 de xuño, en horario 18.00h a 21.00h en Centro Rafer Formación, dirixido á mocidade lucense disposta a coñecer as últimas tendencias en todo o relacionado coa evolución das redes sociais e as súas principais aplicacións, tanto a nivel profesional como a nivel persoal.

Lugo contará cun novo mural para por en valor a cultura castrexa

O gran mural que se pintará nunha medianeira do edificio número 158 da Rolda da Muralla para poñer en valor a cultura castrexa lucense xa foi presentado e será obra do muralista Manuel Pallín.

Este compromiso coincide co recoñecemento do Arde Lcvvs como Festa de Interese Turístico Internacional e búscase que teña unha presenza prominente como a que ten xa o mural de Julio César, de Diego As, vinculado ao legado romano.

Será unha guerreira castrexa a que se representará, ataviada cos elementos característicos como son as arracadas (pendentes femininos), unha fibula como pasador da roupa, un collar castrexo e un puñal de antena. O autor do mural estivo asesorado para este traballo pola directora do Museo Provincial de Lugo, Aurora Balseiro, e polo arqueólogo Enrique Alcorta.

“Estamos seguros de que a nosa guerreira se converterá noutra icona

de Lugo, como Julio César, considerado como o Mellor Mural do Mundo 2021, e permitiranos valorizar e visibilizar con orgullo o noso pasado e a nosa historia ao mesmo tempo que se promocionará como un recurso turístico xa que tamén se poderá admirar desde a Muralla”, sostivo Lara Méndez.

A obra conta xa coa autorización de Patrimonio e estará pintada cunha gama cromática de grises e beiges para ser respectuosos coa contorna.



¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

DESCUENTOS
HASTA 65%

MUEBLES DE BAÑO
DESDE 145€+IVA

PORCELÁNICOS
DESDE 6€+IVA

outlet
sótano

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

CONJUNTO
MUEBLE
DE BAÑO

385 eur*
IVA incluido

* hasta fin
de existencias



SÓTANO OUTLET



681 19 36 05 - 982 30 46 00 LUGO www.sotano.es

O cemiterio acolle unha exposición sobre a historia das prácticas funerarias



O cemiterio acollerá a exposición permanente *As necrópoles lucenses: do Cemiterio Xeral de Magoi ao Cemiterio Municipal de San Froilán*, que foi presentada polo tenente alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Participación, Cristina López, acompañados de persoal técnico municipal e que se instalará nas vindeiras semanas e está contemplada dentro da celebración do 75 aniversario do cemiterio.

O proxecto iniciouse como froito do traballo realizado entre a área de Participación e a USC, protagonizado nun primeiro momento por Ana Goy Diz, quen será nomeada comisaria a título póstumo da exposición “como recoñecemento ao seu traballo de investigación e posta en valor do Cemiterio Municipal”, explicou a concelleira de Participación, que engadiu “logo do seu pasamento, o equipo de traballo continuou a traballar arreo ata culminar o que é unha parte fundamental da historia de Lugo, a sociedade vista a través da morte”. Cristina López afirmou que “a exposición é unha clara aposta pola recuperación da memoria histórica da cidade a través dunha mirada que visibilice as prácticas funerarias, desde a época romana ata a actualidade”,

e engadiu “supón tamén recuperar a imaxe do antigo Cemiterio Xeral de Magoi, cuxa clausura e derribo supuxo unha lagoa importante na memoria colectiva”.

A exposición instalarase no espazo expositivo que se está a habilitar no Cemiterio Municipal, e busca reivindicar a esta instalación como un lugar de recordo, memoria e celebración da vida.

ARROLOS AO AR. O Cemiterio conta xa coa a exposición *Arrolos ao Ar*, unha mostra fotográfica sobre o dó perinatal. A concelleira Cristina López explicou que “esta mostra visibiliza a dor das familias pola morte xestante, unha temática dura que debe ser visibilizada”.

A mostra está ubicada no novo espazo perinatal do Cemiterio Municipal, un espazo adicado ás persoas que perderon fillos durante a xestación ou ao pouco de nacer, que contan xa cun espazo específico no Cemiterio de Lugo, dando visibilidade a un tipo de dó moi presente na sociedade, mais que continúa a estar moi silenciado.

Esta mostra está enmarcada dentro das actividades polo 75 aniversario do Cemiterio Municipal.

Abre a inscrición das actividades das reservas da biosfera

A Deputación de Lugo abriu xa o prazo de inscrición para participar no novo programa de actividades gratuítas que organiza para fomentar o lecer saudable e a educación ambiental nas reservas da biosfera de Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, xestionadas pola institución provincial.

O calendario inclúe unha vintena de propostas, con máis de 300 prazas para todos os públicos, que se desenvolverán no segundo trimestre do ano, dende o 3 de abril ao 30 de xuño.

As persoas interesadas deberán anotarse a través das canles dispoñibles. No caso de Terras do Miño, poden apuntarse a través

desta web e as persoas que desexen participar no programa dos Ancares Lucenses, poden anotarse a través do correo ancareslucenses@deputacionlugo.org e dos teléfonos 982 227 812 e 982 227 813.

TERRAS DO MIÑO. A primeira actividade na Reserva de Terras do Miño celebrarase os días 3, 4, 5 e 10 de abril, e está pensada para os nenos e nenas de 6 a 12 anos. Naturalmente ao pé do río conta con 20 prazas e está prevista en horario de mañá: de 10 a 14 horas. Do día 11 ao 14 de abril está programada o Cultivo de flores de primavera e verán e técnicas básicas de secado de flores con 15 prazas para adultos. Esta ac-

tividade desenvolverase en horario de mañá, entre as 10.00 e as 14.00 horas.

Tamén en abril, do día 25 ao 28, haberá outra actividade no Centro de Interpretación Terras do Miño pensada para os adultos: Obradoiro de Cestaría. Son 15 prazas e poderase desfrutar en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas.

Xa en maio, do 2 ao 4, os adultos poderán aprender sobre Eclósión da natureza nas tarefas agrícolas: Traballos de primavera para optimizar as producións hortícolas, unha acción que se celebrará no Centro de Interpretación Terras do Miño de 10.00 a 14.00 horas. Haberá 15 prazas dispoñibles para as persoas interesadas.



ESCOLA RAMÓN FALCÓN. A EASD Ramón Falcón celebra ao longo deste ano 2023 o seu cincuenta aniversario, con varios anos de atraso por mor da Covid-19, que deu comezo coa inauguración dunha gran exposición nas instalacións do Vello Cárcere. A mostra *Cabeza, man, corazón* estará dispoñible para visitar ata o vindeiro 30 de abril e recolle o traballo de profesionais do ámbito artístico e do deseño que recibiron a súa formación na escola ao longo destes cincuenta anos de historia. Co azul como protagonista e nexo de unión, esta exposición alberga traballos das diferentes especialidades que acolle a escola como cerámica, fotografía, serigrafía ou deseño gráfico.

Unha lucense acada o bronce na Olimpíada galega de química

Candela Rivas, alumna do Colexio Fingoi acadou o terceiro posto na XL Olimpíada Galega de Química 2023 da demarcación da Universidade de Santiago de Compostela (USC). O primeiro lugar foi para Teresa Andión Mosquera, do IES Plurilingüe Rosalía de Castro, o segundo posto foi para Carmen Muñiz García, do Colexio Manuel Peleteiro e Candela Rivas Cabanas, do Colexio Fingoi de Lugo, sitúase nese xa comentado terceiro lugar.

A Olimpíada de Química Galega, que pretenden fomentar vocacións e desenvolver o espírito emprendedor entre os máis novos, é decana destas probas en España e xerme da Olimpíada Nacional de Química.

Unha exposición reúne artistas de Galicia e Portugal

A sala de exposicións do Pazo de San Marcos acolle ata o 22 de xuño a exposición *Cravos coma Toxos*. Esta exposición reúne a obra de dez artistas galegos e portugueses a través da cal se da nome a un novo movemento que busca por de manifesto as conexións entre Galicia e Portugal. Dirixida por Sergio Marey acollerá as obras de Andy James, Antía Caldeiro, Carlota Caçador, Fernando Voyeur, Hermes, Hugo Sousa, Noemí Nuñez, Noemí Parguelas e Nuria López. Navegando entre as súas creacións poderemos atoparnos con tradición e cultura, con pasado, presente e futuro.

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatológico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

“É un libro que fala da xente de Lugo a través da música”

Juan Castro, autor do libro ‘Aquí non pasa nada. Historias musicais de Lugo’

Como nace a idea para crear o libro ‘Aquí non pasa nada. Historias musicais de Lugo’?

Toda a miña vida estiven metido no ambiente musical e como case en calquera gremio, eu son un *batallión* cos amigos, os músicos somos de quedar e vas lembrando esta historia e a outra. Así que fai cinco anos roldoume a idea de ordenar un pouco todas as cousas que eu lembraba dos grupos nos que participara. Nun primeiro momento era un proxecto persoal, algo para min, para lembrar eu. Pensaba que tiña unha moi boa memoria e que me acordaba ben de todas as cousas pero cando empecei xa me dei conta de que non era así. A raíz disto decidín facelo un pouco máis en serio, sentarme, planificar e organizar as ideas, ademais quería tentar buscar grupos coetáneos da época para poñelos tamén. Durante o 2017, 2018 e 2019 foi un proceso intermitente, tiña a idea, escribía un pouco, preguntaba aquí e alá pero non era nada serio, nin sequera eu pensara que iso fose rematar nun libro, simplemente un traballo persoal para ter esa información gardada.

Como se transforma un proxecto persoal nun libro destas características?

No momento en que empezo a traballar de verdade e comezo a escribir encóntrome con que non hai nada escrito en Lugo sobre a historia da nosa música mais alá dalgún libro de grandes autores como Xoán Montes ou Gustavo Freire e aínda así hai moi pouco material en xeral. Antes de que chegase a pandemia xa tiña a idea de que ía transfor-

mar esa información nun pequeno libro, pero sempre co obxectivo de facer algo para min, os meus amigos e xente coñecida. Algo sobre a música moderna, dos anos oitenta para diante que é cando empeza o rock na cidade. Pensei que ía ser un traballo de realizar algunhas chamadas, pero de súpeto e non sabería dicir en que momento fóiseme das mans. Sei que a pandemia foi un punto e aparte porque deume tempo para escribir, pero xa antes nalgún momento vin que había posibilidades, que era un proxecto que podía ter moi boa pinta enfocado dunha maneira atractiva. A pandemia concedeme tempo para escribir pero sobre todo para investigar. Aprendín a investigar e todas as semanas ía dous días ao arquivo municipal, lin todos os libros que puiden, fixen cento cincuenta entrevistas persoais e foi unha gran cantidade de horas investidas para sacar adiante este libro.

Como lle dás forma ao libro?

Cando comecei a escribir decateime que eu non quería facer unha enciclopedia musical, o libro non vai diso, eu quería facer algo máis narrativo e buscar outro fío que non fose simplemente unha enciclopedia chea de información ordenada. A información que tiña era unha chea de arquivos, informacions escritas de épocas diferentes e todo sen unir polo que decidín que o nexo que ía vertebrar todo o libro tiña que ser un eixo cronolóxico. O libro comeza coa música en Lucus Augusti e abarca desde Lucus Augusti ata o 2021. Non é un libro para un musicólogo senón que é un libro para todo o mundo e, para que

aqueles que o lean, entendan o que pasou en Lugo no ano 100 e no 2000. É un libro sinxelo e didáctico. Ao final abarco todos os estilos, en todas as épocas e en todas as xeracións para que non quede ninguén fóra, e por se isto fose pouco, non só de Lugo, senón de toda a provincia. Entre o 2019 e o 2020 atopeime con miles de folios de información e foi entre o 2020 e o 2021 cando lle dei o formato, escrito en galego e cunha persoa que viaxa no tempo e vai observando o que pasa en cada época e como vai cambiando a cidade. O libro está contado polos seus personaxes, non por min, eu tentei falar coa maioría de grupos para que me contasen as súas anécdotas, como se formaron, onde ensaiaban e así vou contando como vai cambiando a sociedade de Lugo co paso dos anos a través da música. Vas vendo en Lugo que sitios había, e ves a cidade dunha maneira diferente porque coñeces cousas que nin imaxinabas que sucederan. É un libro que fala da sociedade de Lugo a través da música

Como é o proceso de traballo e de contactar con todos estes grupos?

Cando xa tiña un pouco máis clara a idea, antes de falar cos grupos realizaba un traballo de investigación sobre que grupos había en cada época. Por exemplo nos anos sesenta a min soábame un grupo, da época dos meus pais, pero cando realizo o proceso de investigación e vou á hemeroteca atópome con que son moitos os grupos que hai nesta época. Algúns efémeros pero outros tiveron unha relevancia increíble. Unha vez que tiña esa información púñame en contacto con algún dos integrantes



dos grupos e a verdade é que todo o mundo me puxo moitas facilidades e colaborou en todo momento comigo e co proxecto. A través duns grupos contactaba con outros, membros dalgún grupo pasábanme contactos doutras persoas e foi cando me dei conta que podía tirar do fío e empecei a ter moita información. Foron centos de chamadas de teléfono, correos, comidas e cafés. Moita xente que me enviaba tamén fotografías e así terminei cun arquivo fotográfico inasimilable para o libro, máis de cincocentas imaxes, que ao final de facer unha selección van sobre unhas cen publicadas.

Que foi o máis difícil de todo o proceso?

O mais duro foi rematalo. Houbo momentos, sobre todo este ano e o pasado, que pasei por todas as dúbidas, se publicalo ou non, facelo só ou con editorial. Este último mes e medio de edición foi directamente á saúde e supúxome un estrés increíble. Pero o mais difícil foi sacalo, porque escribilo foi un pracer, goceino moitísimo, poder coñecer a toda a xente coa que falei, iso é un gran agasallo. O que máis desfrutei foi escribilo sen dúbida, desde o proceso de investigación que foi o primeiro paso durante case tres anos ata ordenalo, decidir o enfoque e escribilo. O mundo editorial é o mais pesado para min, pero é necesario. Ao final

atopei unha editorial en Lugo, Tris Tram que me axudaron moito no proxecto, ademais tamén contei coa colaboración de Marcos Vigo, artista gráfico e maquetador, a portada pertencen a Café con Gotas e o deseño en 3d da portada é de Manuel Duro. Ademais o libro conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Estou moi contento con grafismo final que ten o libro e conta con máis de cen fotografías de todas as épocas, aparecen datos inéditos da historia musical de Lugo, e tamén fotos inéditas de moitos grupos de Lugo.

Cando son as presentacións?

A primeira presentación é o día 20 de abril no Clavicémbalo en Lugo, o 22 de abril estaremos en Foz, o 27 de abril en Vilalba, o 4 de maio en Sarria, o 5 en Chantada e o 6 en Monforte. En todas as presentacións vai actuar un grupo da zona, aquí en Lugo serán Os Gansos, un grupo dos 90 que se volven a reunir para esta actuación, e haberá algunha sorpresa máis. En Foz vai tocar un grupo que se chaman Fantástico Sintético, un grupo de versións moi coñecido na zona, en Vilalba tocarán Irmandade do Falo, en Sarria Malditos Roedores, en Chantada o grupo folk Tira para alá e en Monforte os Gin Tonys. A idea da presentación será falar un pouco do libro e terminar cun evento musical.

SOMOS EMPRESA DE COLOCACIÓN

INSCRÍBETE COMO **EMPRESA OFERTANTE** EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR LOS MEJORES PERFILES PARA TU NEGOCIO

INSCRÍBETE COMO **DEMANDANTE DE EMPLEO** EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR TU EMPRESA IDEAL

estudios rafer 982 222 649 formacion@estudiosrafer.com

HUGO PÉREZ CABALEIRO

MASTERCLASS PRESENCIAL

CÓMO ME CONVERTÍ EN INFLUENCER

VIERNES 14 DE ABRIL LUGO

100% GRATIS

Pe iníciate

MASTERCLASS CON HUGO + CURSO DE MARKETING DIGITAL

REQUISITOS

TENER ENTRE 16 Y 30 AÑOS

EMPADRONADO EN LA PROVINCIA DE LUGO

SITUACIÓN DE DESEMPLEO

BENEFICIARIO EN EL SISTEMA DE GARANTÍA JUVENIL

627 281 418

empleojovenlugo.es

empleojovenlugo@eol.es

Conversa con José Campanari, narrador oral, director de teatro e escritor

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

José Campanari naceu no seo dunha familia de orixe italiana instalada en Bos Aires.

Onde concretamente?

En Chacarita, un barrio alegre ás portas do cemiterio no que, ao contrario a outras zonas da cidade onde vivían persoas da mesma nacionalidade, no meu barrio había unha mestura de moitas culturas, sendo exemplo disto o negocio do meu pai, unha tenda de papel de embalaxe, na que un dos seus socios era de orixe española e o outro xudeu israelí.

E de onde vén a túa vea artística?

Crieime rodeado de teas e botóns, xa que o meu avó materno era xastre de alta costura, e as súas fillas, entre elas a miña nai, traballaban na confección, cada unha especializada nunha tarefa: unha facía pantalóns, outra chalecos, outra solapas... Algunha delas pasou á moda feminina, seguindo co oficio, pero miña nai, que asistiu a clases de cociña cando eu era pequeno, levándome de cando en vez con ela, comezou a dedicarse á pastelería artesá. E eu, xa na miña adolescencia, comecei a axudala. Así que entre xastres, costureiras e cociñeiras nace a miña sensibilidade artística e o meu gusto pola estética.

Mais, estudaches arquitectura?

Fixen unha especie de FP, Construcións, durante tres anos no instituto. Despois de superar unha enfermidade virica que contraín mentres servía no exército, pola que estiven hospitalizado seis meses, quixen facer publicidade. Pero, daquela, só había un instituto, non eran estudos universitarios, entón optei pola arquitectura

que nunca rematei.

Daquela empezaches a dedicarte ás artes escénicas?

Si, porque na universidade entrei no coro e no grupo de teatro, orientando cada vez máis a miña formación cara ao escenario fóra do ámbito universitario. Antes de ir á Universidade, na miña adolescencia, fixen algo de teatro nunha parroquia. E gustoume. Tamén estiven formándome en canto, en expresión corporal, xa que preto da miña casa había unha especie de escola onde traballaban os que serían os meus mestres. Alí formeime en teatro infantil, comedia musical, danza contemporánea...

De que ano estamos a falar?

De principios dos oitenta, durante a ditadura, con algún que outro conflito por motivos absurdos, como non poder estar en grupo na rúa, nin sequera nunha parada de autobús. Pero, a verdade, afectoume pouco porque cando xa estou de cheo no teatro, son os últimos tempos da ditadura, habendo xa certa apertura. Organizouse un ciclo de teatro do que saíron importantes actores e directores. E mesmo houbo todo un movemento chamado Teatro Aberto, no que se representaban obras coa temática da ditadura.

Cando comezaches a dedicarte á narración oral?

En Arxentina. Estaba dando clases de expresión corporal, cando uns amigos contacontos buscáronme para un traballo corporal, xestual, e alí tomei contacto coa narración oral por primeira vez. Ao principio, propoñendo cousas ata que nunha maratón contei a historia dun home que rouba un banco cun secador de pelo. E non o fixen como narrador, senón como público. E iso gustoume. Era algo moi diferente ao que viña facendo: expresión corporal, música infantil e teatro mudo. Nesa experiencia

inicial sentíame moi cómodo e vin que o público me seguía. E comecei a darlle conta de que todo o que fixera ata ese momento confluía alí, dentro e fóra do escenario, dende a arquitectura ata a cociña.

Como definirías a narración oral?

Como un encontro de almas, unha arte co público e non para o público. Por outro lado, ten que haber unha escoita activa e forma parte da construción de algo moi efémero. Nun dos meus libros falo da comparación dun narrador cun cociñeiro, e anfitrión: o narrador cociña na intimidade a súa historia que compartirá como anfitrión cando a conte.

A que público te dirixes?

Síntome máis cómodo co público adulto e adolescente. Para os nenos teño contos publicados moito despois de contalos, como 'Sígueme, unha historia de amor que non ten nada de raro', o meu primeiro libro, sobre un conto para adultos que levaba oito anos contando e que adaptei para nenos. A estrutura da historia é a mesma, pero cambian o discurso, o ritmo, os xogos... É como unha conversa que varía segundo con quen se fale.

As túas historias, en xeral, a primeira vista, parecen moi sinxelas, pero despois teñen moita profundidade?

Si, porque son moi cotiás e parecen moi básicas, a primeira vista. Incluso me definiron como un narrador lixeiro, suave... O que pasa é que eu conto dende a emoción e, dese xeito, cóntase moito máis do que se di.

Como narrador, participaches en numerosos encontros e festivais en España e Latinoamérica?

Si, ademais de Arxentina, estiven narrando en festivais de moitos lugares como Uruguai, Colombia, Perú, Ecuador, Portugal, Francia, Italia ou España.

Cando chegaches ao noso país?



En 1998 establecí a miña residencia en Santiago de Compostela. Pero, dende 1995 deixei o meu país, rumbo a Colombia, onde coñecín a Quico Cadaval, Roger Colóm, un mexicano que vivía na Coruña, e a outras persoas amigas que me convenceron de vir. Inicialmente, vin para un mes de xira con Cadaval e Roger. E gustoume, e por iso, un tempo despois, quedei a vivir. A xente camiñaba a un ritmo accesible para min. E, a través dunha amiga contacontos de Zamora, Victoria Gullón, xa me convencín para quedarme definitivamente e contar historias en cidades, vilas e aldeas. E despois coñecín aos irmáns Carreira e á familia Coira de Lugo, e así me mudei a esta cidade. Logo ti ven un grave problema de saúde que me fixo parar, e mesmo deixar o escenario, limitándome na actualidade a pequenas colaboracións.

Ademais de contar, dirixiches varias

obras de teatro?

Si, entre eles 'Unha merenda de Alicia' (1995), escrita por min e baseada nas historias de Alicia no país das maravillas, a través do espello de Lewis Carroll.

Unha das túas publicacións que máis me chamou a atención foi 'Opodador debonsais'.

Ah! si, a historia dun neno que observa con atención como o seu veciño coida do seu bonsái, igual que a súa nai fai con el. Unha tenra historia sobre o ciclo da vida, os cambios e o medo a medrar.

Como ves Lugo a nivel das artes escénicas?

Cando cheguei a Lugo, hai vinte e seis anos, había moi pouca actividade cultural. Agora mesmo medrou moito, con ciclos de teatro máis longos, máis espazos para representalos e hai que estar moi atentos á rica e variada programación cultural.

¿Sufres COVID persistente? ¿Cansancio?
Las indicaciones aprobadas para la terapia PEMF y la terapia LLLT son definidas por los aplicadores.

- Dificultades de cicatrización.
- Enfermedades degenerativas del sistema musculoesquelético.
- Polineuropatía como resultado de la diabetes mellitus o después del tratamiento del cáncer.
- Fatiga crónica, por ejemplo, en relación con el estrés crónico o la esclerosis múltiple.
- Dolor agudo y crónico.

La terapia BEMER incrementa la frecuencia limitada de contracción de los pequeños vasos sanguíneos y capilares. De esta manera se mejora la distribución sanguínea en la red capilar y la microcirculación.

PRuéBALA EN
Verxel
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN CALEFACCION

SOLAR TÉRMICA BIOMASA

Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo
982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas



Homenaxe ás dúas mulleres que máis anos levan traballando na Praza de Abastos polo 8M

Manuela González Mendoza e Celsa Rodríguez Trigo foron as dúas mulleres homenaxeadas este ano neste 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora. A concellería de Participación e Servizos para a Veciñanza que dirixe Cristina López realizou un recoñecemento a estas dúas mulleres que son as que máis anos levan atendendo postos na Praza de Abastos e no Mercado Tradicional. Por un lado recoñeceuse a labor de Manuela González Mendoza, de 85 anos, que leva asistindo ao Mercado Tradicional dos martes e venres desde nena, cando acompañaba a súa nai e por outro a Celsa Rodríguez Trigo, que na actualidade ten 87 anos e que durante máis de 40 anos atendeu á veciñanza de Lugo nunha das carnicerías da Praza de Abastos, actividade que continúa a desenvolver a súa familia.

Cristina López destacou “o esforzo destas dúas mulleres ao longo dos anos, que axudaron a que o Mercado e a Praza de Abastos de Lugo sexan actualmente dous espazos de gran importancia para a veciñanza”. Rubén Arroxo, xunto coas concellei-

ras e concelleiros da Tenencia de Alcaldía asistiron ao acto de lembranza destas dúas mulleres que forman parte da historia da Praza e do Mercado.

Por outra banda, o Pazo de San Marcos acolleu unha homenaxe á enfermeira Elvira López Mourín, no marco da programación que a Deputación impulsa para conmemorar o 8M, Día Internacional da Muller. No acto, no que tamén participaron diferentes autoridades e ducias de veciños e veciñas, presentouse o libro Elvira López Mourín, *Unha Viaxe de Altura*, que impulsa o Colexio de Enfermería de Lugo e a Academia de Enfermería de Galicia xunto coa institución provincial, que glosa a súa vida extraordinaria.

Tamén se inaugurou unha mostra sobre ela nos corredores do Pazo de San Marcos, con fotografías, documentos e textos a súa vida e os seus principais fitos. Durante o acto tamén se proxectou un documental feito polo Servizo de Audiovisuais da Deputación sobre a súa vida con voces de persoas destacables arredor do estudo da súa biografía.



Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Besteiro é o novo delegado do Goberno en Galicia

José Ramón Gómez Besteiro volve á primeira liña política como delegado do Goberno para sustituir a José Miñones que pasa a ocupar o posto de ministro de Sanidade. Tras sete anos afastado do foco mediático Besteiro volve á política nun contexto no que aínda non está confirmado quen será o candidato á Presidencia da Xunta.

O pasado 21 de decembro o vulgado número dous de Lugo decretou o sobresemento provisional da causa sobre presuntas adjudicacións ilícitas realizadas no ámbito do programa KMO da Deputación de Lugo. Esta era a última causa xudicial que tiña pendente José Ramón Gómez Besteiro, que fora presidente da Deputación de Lugo e secretario xeral do PsdeG e que o apartaran da política cando se pos-



tulaba para a loita pola presidencia da Xunta de Galicia.

Besteiro anunciou a súa retirada das primarias do PSdeG, coa vista posta nas eleccións autonómicas, tras coñecerse no 2016 que a xuíza Pilar

de Lara o citaba a declarar dentro do caso Pulpo como presunto autor de delitos de prevaricación, tráfico de influencias e malversación de fondos públicos, entre outros, cando estaba á fronte da Deputación de Lugo. Esta causa sumábase a outra pendente, aberta tamén por de Lara, cando formaba parte da Concellería de Urbanismo do Concello de Lugo.

José Ramón Gómez Besteiro recibiu un gran apoio de todos os seus compañeiros de partido e incluso o actual secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, declarou que estaba disposto a dar un paso atrás si Besteiro quería presentarse como candidato á Xunta e que apoiaría ao exlíder do partido “por xustiza e lealdade persoal” xa que o considera “un activo político enorme para o PSOE”.



Lugo seguirá liderando o movemento veciñal galego

A Federación veciñal Lucus Augusti continuará sendo durante dous anos máis a xestora da Confederación galega de asociacións veciñais Rosalia de Castro que aglutina o movemento veciñal de Galicia tras a asemblea xeral celebrada na cidade de Lugo.

A Xunta Directiva encabezada por Fernando Rois, actual presidente, fixo balance da xestión e da traxectoria levadas a cabo durante estes dous últimos anos de xestión e tras a aprobación por unanimidade de todas as federacións membros de CoGaVe dos correspondentes informes económico e de actividades solicitaron a súa continuidade na xestión da entidade por outros 2 anos.

Neste sentido, a Federación Lucus Augusti renovou a súa confianza na persoa de Fernando Rois Rois, o seu vicepresidente primeiro e portavoz, á vez que ata o de agora, tamén Presidente da CoGaVe, que seguirá séndoo por un novo período

de 2 anos máis.

A CoGaVe seguirá enfocada nos grandes temas que importan á sociedade galega: a ocupación ilegal de inmobles, a participación cidadá, a loita contra os abusos das entidades bancarias á cidadanía, a subida de prezos, as tarifas eléctricas ou a prevención da Violencia de Xénero, co programa Xuntos contra a Violencia de Xénero dirixido por María José Villamarín Santomé.

Con esta revalidación da presidencia de CoGaVe, Lugo seguirá sendo a capital do movemento veciñal de Galicia durante os próximos 2 anos. Cabe lembrar, tamén, que Lugo e Galicia están presentes de forma directa na nova Xunta Executiva da Confederación Estatal de Asociacións Veciñais, o movemento veciñal de España, desde a súa Asemblea Xeral, celebrada o pasado 12 de marzo en Badalona, e na que María José Villamarín Santomé asumiu a Vicesecretaría.

O PP pide que se atenda a petición de cambiar o canil de Serra de Ancares

O Partido Popular informa que “os veciños de Paradai iniciaron hai uns días unha recollida de sinaturas para pedir un cambio de localización do canil de agility da rúa Serra de Ancares debido aos inconvenientes que xera aos veciños e pola falta de espazo para que os cans poidan correr”.

Os concelleiros populares achegáronse ata a zona para comprobar a denuncia realizada polos veciños e viron como “o espazo é moi pequeno, polo que en ocasións xéranse tensións entre os cans ao non ter capacidade de afastamento”.

“Estas situacións sucedense en diversas franxas horarias, sempre que coincidan varios cans á vez neste lugar, provocando escandalosos ladridos a través do vallo” declaran os populares que engaden que “debido ao pequeno espazo tamén provoca que se acumulen as feces e ouriños converténdose este lugar nun foco de risco”.

Ademais, debido a unhas obras que se están a realizar na rúa colindante “parte dun dos valados rompeuse polo que este canil se inutilizou, reducindo o espazo de recreo para os cans a un so canil”. Por estes motivos, os veciños solicitan este cambio de localización, aproveitando de paso a sinerxia das actuais obras de acondicionamento da rúa Xardín.

Arroxo defende a peonalización das 15 rúas realizada polo BNG

“Un dos grandes bulos da humanidade é que nós fixemos o carril bici”, dixo

O Bloque Nacionalista Galego vén de presentar a súa candidatura en Lugo de cara ás vindeiras eleccións do 28 de maio. Foi o primeiro partido da cidade en pechar e facer pública a súa lista, así como os seus principais proxectos. Nesta presentación participou a portavoz nacional, Ana Pontón, que presentou ao cabeza de lista, Rubén Arroxo como “o próximo alcalde de Lugo, tras ter sido o motor das grandes transformacións levadas a cabo na cidade durante o presente mandato, demostrando que o Bloque ten proxecto para Lugo e equipo para executalo”.

A líder nacionalista indicou que o seu convencemento de que Arroxo recibirá un apoio histórico por parte da veciñanza baséase “na forza dos feitos”.

“Os feitos dinnos claramente que Lugo é hoxe unha cidade mellor grazas ao enorme traballo de Rubén e de todo o equipo que o acompaña; dinnos que Lugo é unha cidade máis humanizada, onde as persoas ganaron terreo aos coches, recuperando espazos públicos para darlle máis poder á xente; onde os nenos e as nenas van máis seguros aos centros escolares”, argumentou.

Afondando nos logros, destacou que grazas ao traballo do BNG, “Lugo é agora máis sustentable, máis verde, con máis eficiencia enerxética; con mellores infraestruturas e equipamentos nos barrios, con mellor calidade de vida”.

Estes logros do traballo da formación nacionalista desde o Executivo local é o que lle leva a Pontón a avanzar que o BNG “terá un resultado histórico en Lugo e que Rubén será o próximo alcalde liderando o Goberno municipal a partir do 28M”.



PEONALIZACIÓN. Arroxo lembrou na presentación “aval que supón o modelo municipal do BNG á hora de pedir o apoio da veciñanza”. “Un modelo de éxito, que funciona, como demostramos alí onde gobernamos, un modelo municipal que transforma, que converte as vilas e cidades en referentes de calidade de vida, de xestión, de participación”, concluíu. Na súa intervención, Rubén Arroxo destacou que o Bloque “cumpriu co 95% do programa” co que se presentou, “impulsando desde o Goberno municipal o cambio real”, destacando sobre todo “a importante transformación das infraestruturas pensando unha cidade para as persoas”. De feito, destacou “a rehabilitación de espazos como A Mosqueira, Quiroga Ballesteros ou as rúas do barrio de Recatelo”, incidindo na peonalización de quince rúas e espazos públicos. Nesta liña, destacou “a creación de vieiros escolares e zonas seguras nas contornas educativas, con pasos elevados para peóns e elementos de calmado do tráfico”.

Pola contra, Arroxo botou man do humor para lembrar que o carril bici non foi feito polo BNG. “Creo que a día de hoxe hai 2 grandes bulos na

humanidade. Un é que Walt Disney está conxelado e o outro é que o BNG fixo o carril bici.

Moi curioso que este último bulo chegase a ese nivel, cando xustamente o BNG en febreiro de 2016, cando se falaba dos fondos europeos para o carril bici, éramos os únicos en dicir que o carril bici só era acado para grandes viales (como avenida Duquesa de Lugo ou semellante), non para rúas estreitas. Nestas rúas sempre defendimos o calmado do tráfico con pasos elevados e que así poidan convivir coches e bicicletas con seguridade. Daquela, os que din hoxe que o van desmontar (cando non poden porque son fondos europeos), estaban calados”.

O líder nacionalista puxo en valor as melloras nos barrios, con medidas impulsadas para conseguir unha urbe mais verde; ou a aposta polo comercio local.

Finalmente, destacou a política cultural impulsada polo BNG, enchendo de contido creativo espazos como o Vello Cárcere, o Auditorio Gustavo Freire ou as salas da Rede museística municipal, trasladando a cultura ao espazo público con murais, esculturas e poesía na rúa.

Acordo sobre as vivendas sociais do Castiñeiro



Psoe, BNG, PP e Ciudadanos chegan a un acordo para solicitar á Xunta de Galicia a paralización do proxecto para a construción de vivendas sociais no Castiñeiro.

Tras as demandas da veciñanza, as distintas forzas políticas acordan instar á Xunta de Galicia a que, de maneira inmediata, paralice oficialmente o proceso de adxudicación da redacción do proxecto e dirección de obra das vivendas sociais en O Castiñeiro.

Tamén se solicita que retome a construción das vivendas sociais na primeira localización prevista en Garabolos así como a que solicite como propietaria das parcelas C e E da Rúa Ramón Piñeiro en Lamas de Prado, que o Concello de Lugo realice unha modificación puntual do PXOM para modificar o uso residencial. Unido a isto instan á Xunta a acadar o compromiso de estudar as demandas que trasladan os veciños do Castiñeiro.


Ciudadanos propón medidas en materia de igualdade

A portavoz municipal de Ciudadanos, Olga Louzao, anunciou que o seu grupo remitirá ao Goberno local un paquete de medidas encamiñadas a “lograr a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”.

A edil informou de que considera “fundamental que o Concello incremente as súas prestacións en materia de conciliación, nos últimos catro anos os avances en materia de igualdade foron mínimos. Quédanos un longo camiño por percorrer e o ritmo de avance é insuficiente. As iniciativas non se poden reducir

a meras proclamas políticas, por iso desde o noso grupo elaboramos un documento onde recolleemos servizos de competencia municipal cuxa posta en marcha sería de gran axuda para mellorar a igualdade”.

Dentro desta folla de ruta inclúese medidas como “implementar como criterio de adxudicación en todas as contratacións públicas a inexistencia da brecha salarial nas empresas adxudicatarias así como as medidas de conciliación laboral, familiar e profesional na adxudicación dos futuros pregos de contratación”.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Os veciños da Milagrosa piden unha estatua relacionada co rural

A asociación de veciños da Milagrosa pide que na praza Agro do Rolo o Concello “complete a humanización cunha estatua sobre o mundo rural, na zona verde (parte alta da devandita praza), para que non dificulte a instalación de barracas, carruseis, ... que habitualmente se instalan en celebracións como as festa do barrio”. “A nosa proposta baséase na procedencia das distintas zonas rurais da provincia (Friol, Corgo, Guntín, Castroverde, a Chaira, a Montaña ou a Mariña) dos que vivimos no barrio ou das novas familias” e engaden “a praza leva un nome que fai relación tamén o seu uso, hai anos, como zona agrícola”.

Estas son algunhas das razóns polas que dende a asociación de veciños

piden ao Concello que “dote a praza dunha estatua relacionada co rural, por exemplo unha parella de labregos con apeiros típicos de labranza”. Ademais dende a asociación propoñen “encargar un concurso de ideas e deseño a centros de deseño da nosa cidade, e a partir de aí confeccionar maquetas para poder encargar a artistas prioritariamente locais a realización da mencionada estatua en materiais como poden ser a madeira, a pedra ou o ferro” porque entenden que “así completaríamos, despois do xardín, bancos, fonte, arbolado e parque infantil cuberto, o proceso de humanización da nosa praza ao mesmo tempo que rendearíamos unha mencionada homenaxe a nosa procedencia”.

A residencia das Gándaras contará cunha adaptación ao novo modelo de coidados

A residencia autónoma das Gándaras contará con obras de mellora e adaptación ao novo modelo de coidados ás que se destinará un orzamento de 7 millóns de euros. Esta reforma integral suporá a creación de unidades de convivencia dun máximo de 25 usuarios, novos espazos de atención sanitaria e unha renovación completa da fachada e as carpinterías exteriores. Desta maneira, este centro avanzará cara o novo modelo de coidados de Galicia, que ten como piares fundamentais unha reorganización dos espazos para facelos máis persoais, unha maior hu-

manización dos centros, así como o uso de vantaxes tecnolóxicas e unha maior coordinación sociosanitaria. Este centro poderá seguir consolidándose como unha referencia na atención a maiores en toda a provincia de Lugo, como leva facendo durante os últimos corenta anos. As Gándaras é un dos primeiros centros de toda España, xunto con Porta do Camiño en Santiago e a residencia pública autónoma da Estrada, en contar cun Certificado de Calidade que recoñece a súa eficiencia en base a normas e estándares internacionais.

HERBÓN DESGUACES
Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras. Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

“A terapia Bemer é eficaz para mellorar a microcirculación”

José Manuel Fernández Sangiao, naturópata, leva dous anos aplicándoa na súa clínica de Lugo con grandes resultados

En que consiste a terapia Bemer?

Bemer regula a través dun sinal patentado a nivel mundial a vasomoción dos pequenos vasos sanguíneos, vénulas e arteriolas de pequeno calibre. A terapia Físico Vascular BEMER® simplemente lébralle a estes vasos que teñen que recuperar a función natural do corpo de cando era novo. A terapia físico vascular BEMER® é un método eficaz para mellorar a microcirculación limitada, é dicir, a rega sanguínea nos vasos sanguíneos máis pequenos. Os procesos metabólicos teñen lugar neste ámbito. Así pois, a mellora da microcirculación pode ter numerosos efectos positivos na saúde e benestar das persoas. O tratamento é fácil de aplicar por un mesmo e utilízase na medicina, nos deportes populares e de competición e en innumerables fogares de todo o mundo.

Onde podemos atopar estes servizos?

Nós actualmente estamos en Vexel Herbolario, na rúa Montero Ríos número 41.

Que é a microcirculación e porqué é importante para a nosa saúde?

A microcirculación, é a circulación do sangue a través da fina e amplamente ramificada rede de pequenos e diminutos vasos sanguíneos. O corpo humano ten 11% de arterias 14% de veas e o 74 % é microcirculación. Nos últimos anos, a medicina prestou cada vez máis atención a este tema. A final de contas, a microcirculación é responsable de fornecer ás células do corpo osíxeno e nutrientes e de eliminar os residuos metabólicos. Co aumento da idade, por mor dos hábitos de vida pouco saudables e as influencias ambientais, a circulación nestes minúsculos vasos deteriorábase, con consecuencias de gran alcance: os efectos poden ir desde trastornos do benestar como dores de cabeza ou mal rendemento ata dores de costas e extremidades e enfermidades crónicas ou empeorar o curso das enfermidades.

Cales son as principais causas dos problemas de microcirculación?

As causas dos problemas circulatorios, o baixo rendemento, a aparición de enfermidades e o envelhecimento prematuro nas persoas que viven en países industrializados débense, principalmente, ao seu estilo de vida. Os hábitos das persoas “civilizadas”, que a miúdo se consideran factores de risco pola



medicina, a saber, o sedentarismo, a obesidade, o estrés e as crecentes presións da contorna, dan como resultado un fluxo sanguíneo deficiente, o que os converte na principal causa do envelhecimento prematuro e do desenvolvemento de enfermidades.

Que beneficios achega esta terapia vascular?

Eu persoalmente nos dous anos que a levo usando os mellores resultados vinon en; dificultades de cicatrización, enfermidades dexe-nerativas do sistema musculoesquelético, inflamación con dor de extremidades, músculos e articulacións, espasticidade con dor crónica en pacientes paréticos, polineuropatía como resultado da diabetes mellitus ou despois do tratamento do cancro, fatiga crónica, por exemplo, en relación co estrés crónico ou a esclerose múltiple, dor aguda e crónica, párkinson. En estética en tratamento da acne común de leve a moderado, mellora o aspecto xeral da pel, reduce a aparición de engurras e liñas finas, favorece a curación de feridas e inflamacións. Non esquezamos un dos problemas máis importantes da sociedade actual, o insomnio, Bemer neste sentido no seu programa de soño B.Bed contribúe á desadifación do organismo e á regulación dos biorritmos, soño REM e soño non NREM para así lograr un soño reparador.

Como afecta ao rendemento deportivo e á resistencia a aplicación da terapia vascular física?

Dado que co uso regular da terapia

vascular física o corpo rexenése máis rapidamente, pódense aumentar as unidades de adestramento (pódese aumentar o alcance, aínda que tamén se aceptan mellor as unidades intensivas). Por tanto, a resistencia aumenta por medio de exercicios máis frecuentes da intensidade adecuada. Outra vantaxe é que tamén mellora o sistema inmune, o que supón menos cancelacións dos adestramentos e mellor calidade destes, ademais utilízase mellor o osíxeno ao optimizar o metabolismo.

En que consiste unha sesión de terapia Bemer?

A terapia BEMER® é moi cómoda de usar, as sesións básicas son moi curtas e o ideal é poder facelas pola mañá e pola noite para un maior beneficio. A terapia base aplícase desde o B.Body, un colchón no que se permanece deitado durante só 8 minutos; podémola acompañar dos complementos B.Pad, B.Bed, B.Sport e por último B.Lixeiro Clear Evo e B.Lixeiro Restore Evo moi apreciados en tratamentos estéticos xa que favorecen a formación de ligazóns ricas en enerxía nas células da pel e do tecido conxuntivo.

Conta con aval científico?

BEMER® é un produto médico aprobado oficialmente na EU (CE0483) da clase IIA (93/42/CEE). Hai publicados nos últimos 25 anos máis de 50 estudos científicos algúns deles en PubMed. Numerosas clínicas médicas en todo o mundo están a usalo, en España aínda que leva moi pouco tempo xa se está usando en clínicas médicas, fisioterapeutas, salóns de beleza, salón de peiteado e clínicas de estética.

“Somos a primeira notaría situada en Bispo Aguirre”

Ángel Castelló, notario do novo despacho aberto en Lugo

Tras quince anos traballando nas Pontes, Ángel Castelló continúa desde hai uns meses a súa carreira de notario na cidade de Lugo. Situado na rúa Bispo Aguirre número 20, falamos con el sobre este novo comezo e a súa historia persoal.

Sempre foi a súa vocación estudar dereito?

Ao rematar BUP e COU a miña verdadeira vocación era ser xornalista deportivo, era un apaixonado da radio, gustábame moito escoitar os programas deportivos das fins de semana e entre semana tamén me quedaba ata altas horas da madrugada escoitando programas. Ser xornalista deportivo é o que quería. Naquela época a carreira de xornalismo estaba en Madrid, Barcelona e tamén nalgúnhas universidades privadas e os meus pais non podían permitirse o luxo de que eu estudase nunha universidade privada entón descarteino por motivos económicos e matriculeime en dereito. Ademais tamén son profesor de música na especialidade de clarinete, aínda que nunca exercín a nivel profesional, sempre de xeito afeccionado tocando en bandas. Cando teña algo máis de tempo libre gustaríame inte-

grarme nalgúnha agrupación musical de Lugo.

Que lle leva a escoller notaría entre todas as saídas profesionais que ofrece o dereito?

Cando comecei dereito non tiña un rumbo claro, pero a medida que avanzaba a carreira fun descubrindo que me gustaba o mundo das heranzas ou as sociedades mercantís moito máis que o dereito penal ou internacional. Por iso máis ou menos a falta dun ano para terminar decanteime pola opción de estudar a oposición de notario.

Traballou nas Pontes durante 15 anos, como foi o cambio?

Nos quince anos que traballei nas Pontes estiven moi a gusto e sempre estarei agradecido á xente de alí porque me trataron sempre xenial. Cando se xubilou un notario aquí en Lugo e saíu a concurso a praza soliciteina, porque eu vivo en Lugo desde hai 14 anos, pero pensando que habería xente con máis experiencia. Finalmente adxudicáronme e iso xa supuxo o traslado. O cambio foi radical porque nas Pontes estaba eu só e coñecía a todo o mundo e aquí chego

a unha cidade onde hai seis prazas de notaría e cada unha ten xa a súa clientela consolidada e costa moito traballo abrirse camiño. Un local novo, empregados novos e pelexar coa competencia.

Onde ten o despacho aquí en Lugo e que servizos ofrece?

O despacho está situado na rúa Bispo Aguirre número 20, somos a primeira notaría situada nesta rúa. A pesar de que a que eu herdei estaba na Rúa da Raíña considerei abrir noutro espazo porque as notarías están situadas todas nun pequeno radio e tendo en conta que a rúa Bispo Aguirre ten un tránsito de xente enorme decidín facer o cambio. Agora estamos situados nun baixo que cumpre todas as condicións de accesibilidade. Os servizos son os xerais dunha notaría, testamentos, aceptacións de heranza, constituír sociedades mercantís, agora mesmo tamén teñen moita demanda os matrimonios e divorcios ante notario, poderes tanto de persoas físicas como de sociedade, hipotecas ou compra vendas.

Como foron estes primeiros meses



de traballo?

Os primeiros meses foron complicados, porque a xente non sabía que había unha notaría aquí e iso unido a que abrimos en xuño e os primeiros meses de verán son mais ben turistas os que pasean polo centro de Lugo foi difícil. Comezamos a ser coñecidos na época de San Froilán e anunciámonos moito. Tamén me dei a coñecer nos grupos de empresarios e emprendedores BNI existente na cidade de Lugo e creo que aos poucos vou aumentando o meu volume de clientes.

Que é o que máis disfruta do seu traballo? E o que menos?

O que máis disfruto é cando veñen uns herdeiros con moitas discrepancias, darlles as explicacións oportunas, ben xuntos ou ben por separado e conseguir un acordo, ás veces nun papel máis de mediador. A maior satisfacción é resolver asuntos complicados. E o que menos me gusta é a

antítese do anterior, cando xa de por si o traballo é complicado e os clientes van aumentando as complicacións e dan moitas voltas e tárdase moito en resolver, a indefinición da xente é o que menos me gusta.

Que lle parece Lugo como cidade? Que é o que máis lle gusta?

Gústame moito vivir en Lugo, síntome moi a gusto e gozo moito das grandes festas como o Arde Lucus e o San Froilán. A gran e variada oferta deportiva da cidade tamén é algo que disfruto, desde o Breogán, o CD Lugo, o Emevé ou o Ensino, ofrece grandes posibilidades para gozar do deporte. Nas carreiras populares, como o Corre con Nós participa moita xente. Tamén valoro de Lugo as asociacións culturais como a Filarmónica de Lugo ou o Círculo das Artes. Gústame a diversidade cultural da cidade e que é unha cidade moi cómoda e con bos servizos.

Licitan 14 novos postos na Praza de Abastos



O procedemento de licitación dun total de 14 postos na Praza de Abastos e no Mercado Municipal foi aprobado segundo anunciou a concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López “avanzando no obxectivo de contar con todos os postos da Praza e do Mercado con actividade”, afirmou.

O procedemento permitirá ocupar 10 postos na Praza de Abastos para distintas actividades, e 4 postos no Mercado Municipal destinados a actividades de hostalería e restauración. Todas as concesións terán unha

duración de 25 anos, e as persoas interesadas en optar a un dos postos poderán presentar os seus proxectos.

Cristina López destacou o traballo realizado durante este mandato de cara a dinamizar a Praza de Abastos e o Mercado Municipal. “Hoxe podemos ver estes espazos cheos de vida, ocupados por novas xeracións de vendedoras e vendedores que continúan a achegar produtos de calidade a estas dúas instalacións históricas que contan cun empraçamento totalmente renovado”, dixo.

Os traballadores da depuradora reclaman a renovación do convenio

A CIG Industria vén de denunciar “a difícil situación dos traballadores de Gestagua da Estación Depuradora de Augas Residuais, unha situación que están a sufrir tras mais de catro anos de conxelación salarial, dende xaneiro do 2019, o que supón unha perda no seu poder adquisitivo de preto dun 15%”.

A Confederación Intersindical Galega denuncia tamén a “intransixencia da empresa que está a bloquear a negociación do convenio, o que está a levar á plantilla a plantexarse mobilizacións se non hai avances substanciais na reunión prevista para este martes día 14” advirten dende a CIG, sindicato con representación na empresa.

Ademais dende o sindicato queiren “salientar o compromiso que esta plantilla ven a demostrar no desenvolvemento da súa labor pro-

fesional, servizo público esencial, compromiso reforzado durante a pandemia”. A plantilla reclama tamén “a activa participación do Concello, de quen depende o servizo contratado á empresa Gestagua, na consecución dun acordo xusto que, garante avances nos dereitos económicos deste colectivo mediante un acordo adecuado e proporcionado ao altísimo nivel de complexidade das infraestruturas coas que este Concello conta”.

HULA. Pola súa banda, o CSIF pide ás consellerías de Sanidade e de Política Social que “alcancen un acordo canto antes e estabilicen as prazas de Logopeda do Servizo de Atención Temperá do Hospital Lucus Augusti de Lugo, que se están cubrindo cada seis meses con contratos de acúmulo de tarefas”.

A Tenencia de Alcaldía financiou medio cento de actividades

Tras un balance das colaboracións que o Goberno mantivo coas distintas asociacións de barrios e parroquias na celebración das festas patronais Maite Ferreiro explicou que “desde a área de Cultura traballamos para que toda a veciñanza teña acceso á programación cultural”.

Entre o ano 2022 e o primeiro trimestre de 2023, a área de Cultura colaborou con medio cento de actividades culturais nos distintos barrios e parroquias de Lugo, “colaboramos con actividades de distinto estilo, segundo o que nos solicitan desde a comisión organizadora de cada unha das festas”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “un exemplo pode verse na festa das Gándaras, que se celebra esta fin de semana, e que o día 16 conta cunha actividade patrocinada pola área de Cultura”.

“Desde a Tenencia de Alcaldía continuaremos a ofrecer actividades culturais a todas as veciñas e veciños de Lugo para garantir que todas as persoas poidan acceder a un ben de primeira necesidade como é a cultura”.

Comezan as obras de rehabilitación integral no IES Anxel Fole

O Instituto de Educación Secundaria Anxel Fole conta cunhas obras de rehabilitación integral ás que se destina un orzamento de 1.386.650 euros e que está a executar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Os traballos que se están a realizar inclúen a reforma e redistribución de espazos e un paquete de medidas orientadas a conseguir unha maior eficiencia enerxética.

Entre as primeiras, cabe destacar a ampliación da biblioteca e a reforma de dúas aulas auxiliares, os aseos da planta segunda no bloque principal e a zona de vestiarios do bloque 2. Tamén se van pintar todos os paramentos interiores, puliranse os solados de terrazo e instalarse falso teito modular, entre outras actuacións.

No que respecta ás medidas que reducirán o consumo enerxético, revístese a fachada con illamento térmico e zócalo antihumidade na zona inferior; tamén se instala illamento térmico na cara inferior dos forxado dos porches e na cara superior do forxado en contacto co baixo cuberta.

Así mesmo, substitúense as carpinterías exteriores por unhas de maior estanquidade ao aire e resistencia térmica -vidro dobre con cámara de aire-, e as caixas de persianas por un sistema "monoblock" con illamento incorporado.

A iluminación será outro apartado que axudará a mellorar o rendemento enerxético, dado que se van incorporar luces LED (preto de 600 luminarias), con sistemas de regulación multisensor que graduarán o fluxo en función da luz natural, e con detectores de presenza nas zonas comúns.



Presentado o proxecto de transformación da praza Roxa

Presentouse á veciñanza de Fingoi o proxecto de renaturalización co que o Concello de Lugo pretende transformar a coñecida como Praza Roxa nun novo pulmón verde da cidade.

A praza experimentará un xiro de 360º, na que só se manterá o vermello da cancha coa que se identifica o recinto, para converterse nun oasis urbano de vexetación que predominará como constante na conciliación de espazos abertos para o xogo, o deporte, o paseo ou o descanso.

Segundo explicou a rexedora, a actuación favorecerá a creación dun espazo libre dunha superficie aproximada de 6.000 m² – da que o 70% será zona verde – aproveitando o sistema dotacional existente, no que se conxugarán áreas axardinadas con todos servizos que ofrece na actualidade.

Así, a futura praza será deseñada aliñada nos principios de accesibilidade e sostibilidade.

“Traballamos coa previsión de executar unha zona de tránsito de plataforma única, sen escaleiras, que favoreza unha maior inclusión y máis comodidade ao tempo que

axuda ao acougado do tráfico, coa consecuente mellora da seguridade para as persoas usuarias e que será compatible co mantemento do número de prazas de estacionamento hoxe operativas”.

“Desbotarase a urbanización que hai agora mesmo, estruturada en áreas funcionais independentes, rachando coas cubertas de materiais duros, así como coa sensación de illamento que transmiten os peches perimetrais para dar paso a un lugar de socialización, divertimento, repouso e convivencia interxeracional”, avanzou Méndez.

“Está previsto que acolla un gran espazo deportivo ao aire libre, que manteña a esencia da actual, e un novo parque infantil cuberto que poderá usarse durante todo o ano. Igualmente, habilitaremos unha extensa superficie verde, conservando o arboredo existente, na que terá cabida unha zona de auga”, adiantou a rexedora.

Ademais do emprego de materiais sustentables e reciclados, avanza-se no uso de novas técnicas construtivas, como o aproveitamento do ciclo de auga.



Concello e Adif abordan a remodelación da praza Conde Fontao

Cargos de Adif e a alcaldesa de Lugo mantiveron unha reunión para abordar a remodelación, por parte do ente ferroviario, da praza de Conde Fontao.

A rexedora, acompañada polo xefe do Servizo Municipal de Enxeñería, Pablo Fuente, valorou in situ o estado no que se atopa a vía co Xefe de Estacións Ámbito Galicia, Juan Manuel Cutrín Martínez e co Técnico de Edificación, Juan Manuel García González.

Durante o encontro abordouse o calado que terá a intervención, consistente na rexeneración da calzada para mellorar as condicións do firme e a seguridade da circulación, tanto viaria como peonil, en toda a contorna.

“Aproveitando a súa visita á cidade para asinar o convenio de construción da Intermodal, leveino a coñecer persoalmente a estación de pasaxeiros para trasladarlle as demandas da veciñanza de zona etivemos tamén ocasión de avaliar a situación doutras infraestruturas lucenses como oda Rolda Norte co fin de estudar a súa mellora de cara

a desdobra proximamente e incrementar a iluminación na vía”, explicou a alcaldesa.

Igualmente, durante a súa estancia na capital, a rexedora lucense expúxolle a David Lucas a necesidade de acadar a inclusión de Lugo no corredor atlántico de mercadorías que “o Secretario de Estado nos confirmou, seguirá a estudar coa Comisión Europea”.

CONVENIO. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, o secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, David Lucas, a presidenta do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, María Luisa Domínguez e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez asinaron esta mañá o convenio de colaboración para a nova área de Transporte Intermodal do municipio.

O documento recolle o compromiso dos tres organismos implicados, ADIF, Xunta e Concello, en termos económicos e por anualidades, segundo as intervencións que contempla.

AUTO CRISTAL RALARSA. AUTOCRISTAL JUANES
LUMAS PARA VEHICULOS

- REPARACIÓN DE LUNAS
- UNIDAD MÓVIL (LUGO Y PROVINCIA)
- SUSTITUCIÓN DE LUNAS
- TRATAMIENTOS REPELENTE DE AGUA
- TINTADO DE LUNAS DESDE 70€
- PULIDO DE FAROS
- DESINFECCIÓN CON OZONO

Concertado con todas las compañías

Taller de Lugo
Marcos Juanes
San Isidro Labrador, 5
Móvil 659 610 470 - Tel. 982 873 679
27003 - Lugo

www.ralarsa.com autocristaljuan@gmail.com

escolActiva
Centro de Ensino

- ➔ Apoyo escolar en infantil y primaria
- ➔ Refuerzo en ESO y BAC en todas las materias
- ➔ Preparación de ABAU
- ➔ Idiomas: inglés, italiano y gallego

ADEMÁS TE PREPARAMOS PARA LAS PRUEBAS OFICIALES DE:

- Educación Secundaria para adultos (ESA)
- Competencias Clave
- Prueba de Acceso a Grado Medio
- CELGA
- Cambridge, APTIS y CILS

¡NUEVOS GRUPOS ONLINE!

¡¡¡INFORMATE!!!

Rúa Camiño Real 48, baixo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
Instagram.com/escolactiva facebook: @escolactiva

Repoñen máis dun centenar de árbores

Máis dun centenar de árbores están sendo repostos en 49 puntos da cidade tanto en rúas como parques e carballeiras, árbores que secaron por distintas circunstancias, segundo comentou o edil Migue Fernández.

“Todos os anos realizamos esta campaña para retirar aqueles exemplares que ben están enfermos ou corren risco de causar algún dano á poboación”, dixo.

O plan realízase de forma coordinada entre os técnicos do concello e a empresa Calfensa.

Seleccionáronse exemplares arbóreos coa calidade e as características que requiren para o seu bo desenvolvemento e crecemento.

Abren as Caldas do Miño

Inaugurada tamén a nova senda peonil e o paso soterrado da N-VI

A contorna fluvial da cidade estreou un novo revulsivo cultural, de recreo e turístico coa apertura e posta en funcionamento das Caldas do Miño, un equipamento de uso público pensado para a relaxación e as relacións sociais que o executivo de Lara Méndez pon a disposición desde mañá, mércores dos e das lucenses, así como das persoas que visiten Lugo, co obxectivo de dinamizar e promover esta zona do municipio.

Trátase de 8 caldas, dúas interconectadas entre si, 6 de auga quente (cunha temperatura de entre 35 e 37 graos), 2 de auga fría, cunha profundidade de entre 60 e 90 centímetros, sumando unha superficie aproximada de lámina de auga de 150 m², e dotadas dunha manta térmica removible que as protexerá fronte á intemperie para evitar perdas enerxéticas e previr caídas no horario de peche. Están situadas nunha extensión de case 400 m² dentro dunha parcela ao carón do Pazo de Feiras. Estarán abertas todos os días da semana en horario de 10:00 a 22:00 horas. Para o seu uso, o Concello habilitou unha App de descarga gratuíta, dispoñible tanto para IOS como para Android, a través da que será posible reservar praza. A persoa que realice a reserva poderá solicitar ata catro prazas, podendo reservar un mesmo usuario ata un máximo de tres veces á semana. As franxas horarias serán dunha hora e media de duración dentro da instalación. Durante todo o horario de apertura das Caldas, haberá servizo de socorrismo, con atención aos 8 vasos independentes que conforman as instalacións. Tamén contarán con servizo de vixilancia e seguridade durante as 24 horas



do día os 7 días da semana.

UNIÓN CO MIÑO. Xa está habilitada a nova senda peonil e paso soterrado baixo a N-VI, que foi renovado para mellorar as conexións tanto a pé como en bicicleta co Miño vén de ser inaugurado, así acceder á zona fluvial do río Miño e ás súas instalacións e servizos, é dende hoxe máis cómodo e seguro para todas e todos os lucenses.

As obras contemplaron a demolición do paso inferior existente, feito de formigón, e a execución dunha nova estrutura, cun gálibo horizontal e vertical máis amplos, diminuíndo o

efecto túnel e facéndoo moito máis agradable e seguro para o usuario, con perspectiva de xénero. Neste senso, dobrouse a súa anchura, que mudou de 4,5 a 8 metros, e a altura, pasando de 2 metros (nos extremos) a 5,3 metros de alto actualmente. Por outra banda, o proxecto tamén incluíu a adecuación da senda peonil que conecta a explanada situada ao norte da Nacional ata o hostel San Lázaro, con unión á Calzada da Ponte, un itinerario xa existente que, polas súas características, resultaba incómodo para as e os viandantes, especialmente na época de inverno, ao formarse pozas e zonas de barro.



Deputación e Concello completarán o desdoblamento da avenida Infanta Elena

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López, asinaron o acordo de colaboración e presentaron o proxecto técnico co que ambas administracións completarán o desdoblamento e a humanización da avenida Infanta Elena, acometendo unha segunda fase que afecta ao treito que vai da glorieta 25 de Novembro á de Benigno Rivera.

O proxecto contempla o desdoblamento e a humanización da avenida Infanta Elena no treito comprendido entre a glorieta 25N e a de Benigno Rivera. Entre a glorieta 25N e a da Garaballa, a marxe dereita da calzada pasará de dous carrís de circulación a tres, cun ancho total de 10,25 metros. A marxe esquerda manterá a distribución de tres carrís existente, cunhas beirarrúas de 2,25 metros de ancho e un carril bici que dá continuidade ao do tramo anterior. A actuación contempla tamén a humanización da mediana central, que xa conta con céspede natural, na que se plantarán árbores e especies ar-

bustivas.

Entre a glorieta da Garaballa e a de Benigno Rivera actuarase para dotar a este treito de dúas marxes de calzada dun ancho de 10,25 metros cada unha, distribuídas en tres carrís de circulación por sentido. A marxe dereita dotarase ademais dun carril bici cun ancho de 3 metros. En ambos lados, as beirarrúas contarán cun ancho de 4,05 metros, árbores, iluminación, bancos e papeleiras.

Ademais, renovaranse os servizos de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta a situación actual e as demandas futuras que poida ter a contorna, como pode ser o desenvolvemento de solos urbanos ou urbanizables. Esta proposta vertebrará todas as súas accións tendo en conta o Plan de Mobilidade e Espazo Público de Lugo, onde se establece unha nova xerarquía no uso da cidade, onde o peón é o protagonista, seguido dos medios de transporte non motorizados e o transporte público e, en último termo, o vehículo privado.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

O polémico proxecto da Rolda Leste

Ecologistas e nacionalistas posicionáronse en contra da infraestrutura que ten prevista a Xunta polo impacto medioambiental

O proxecto da Rolda Leste creado pola Xunta de Galicia atópase neste momento sometido a información pública e o trazado provisional foi aprobado a finais de febreiro. Este proxecto, para algúns necesario e para outros un ataque directo ao río Rato e a súa contorna non está exento de polémica.

Esta nova actuación da Xunta de Galicia define unha vía de novo trazado de case 2,9 km que se inicia onde finaliza a actual Rolda Leste, na glorietta coa LU-530 e que irá ata a ligazón coa N-VI.

Será unha infraestrutura en sección autovía con calzadas separadas pola que se poderá circular a un máximo de 100 km/hora. Esta nova infraestrutura manterá unha sección moi similar ao treito que xa está en servizo e contará con dous carrís por sentido de 3,5 metros cada un, unha beiravía interior de 1 metro e exterior de 2,5 metros e ademais unha mediana de separación. O trazado terá unha pendente máxi-

ma do cinco por cento e inclúe dous pasos superiores e tres pasos inferiores ademais dos camiños de servizo a ambas marxes da nova vía ao longo dun total de 3 quilómetros de lonxitude.

Dúas desas estruturas serán singulares, pola súa funcionalidade. O paso

Será un viaduto de 120 metros de lonxitude sobre a canle e o parque do río Fervedoira

inferior para salvar a vía do tren e o viaduto que permitirá superar o val do Rato e desembocar na rotonda da avenida de Madrid.

Neste caso será un viaduto de 120 metros de lonxitude sobre a canle e o parque do río Fervedoira, que "se optimizou sobre a súa formulación

inicial reducindo a súa lonxitude para minimizar afeccións" segundo a Xunta.

Para Ethel Vázquez, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a vía "terá aínda unha maior funcionalidade que o treito xa en servizo de 2,4 quilómetros de lonxitude en sección autovía, que discorre entre a N-640 e a LU-530, e polo que circulan entre 6.000 e 8.000 vehículos ao día". Así dixo, "a intensidade media estimada de tráfico da nova vía será de 11.000 vehículos ao día, podendo chegar a conseguir no futuro 14.000 vehículos por día".

Diferentes grupos políticos e asociacións manifestaron nestes últimos meses os seus posicionamentos con respecto a esta nova infraestrutura que vai a desenvolver a Xunta na cidade de Lugo.

O Partido Socialista segue a considerar necesaria e continúa demandando a construción de Rolda Leste xa que entenden que é "necesario para pechar esa circunvalación que



rodea a cidade e evitar tránsito rodado polas zonas urbanas" declarou a alcaldesa Lara Méndez. Sen embargo dende o grupo socialista queren "buscar unha conciliación entre unha infraestrutura necesaria para a cidade e todo o paraxe natural". Segundo información da actual alcaldesa os socialistas están a estudar o proxecto dende todos os servizos afectados e presentarán "as alegacións oportunas e pertinentes para que non destrúa a paisaxe natural pero na procura desa nova infraestrutura".

A Federación provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti tamén mostrou o seu apoio a construción da Rolda Leste e declaran que "defendemos, unha vez máis, tras máis de 10 anos facéndoo, a implementación e posta en funcionamento da Rolda Leste, por constituír unha

infraestrutura fundamental, necesaria e dunha utilidade incuestionable para a cidade de Lugo".

Para a Federación esta construción é importante "xa que permitiría o desconxestionamento de tráfico da estrada perimetral do río Rato, ademais da ronda das Fontiñas, e dos barrios da zona sur da cidade de Lugo".

Pero unha vez máis, igual que fai o grupo socialista a Federación tamén solicita que "o impacto ambiental que se derive da posta en funcionamento da tan necesaria Rolda Leste, sexa, por suposto, o mínimo posible, e é esa un labor que corresponde aos técnicos e que é, en todo caso, factible".

Ademais remarcan que "non pretendemos, desde a nosa entidade, en ningún caso, danar a contorna natural do río Rato, e estudaremos





SE VENDE
MOLINO - VIVIENDA
(En Sarria)

470.000 €

IDEAL PARA
VIVIENDA O NEGOCIO




- Molino centenario en un entorno privilegiado
- A 10 minutos andando del centro urbano
- Espacio natural protegido
- 420 m² + 6.000 m² fincas

¿BUSCA MONTAR UN NEGOCIO...? HABLEMOS

Tlf: 604 020 280

A PARTIR
DEL 15 DE
ABRIL






JORNADAS DE CASQUERÍA

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO - TEL.: 982 216 536

www.raxeriaalaxa.com



o proxecto, a fin de facer alegacións que o poidan mellorar a este respecto". Decláranse "sen ningún tipo de dúbida" grandes defensores desta contorna natural privilexiada, e piden "atopar o equilibrio entre unha infraestrutura necesaria e unha área verde que debemos preservar e cooidar".

Para a Federación é importante atopar "o consenso e o equilibrio entre preservar un espazo natural único e pechar o anel perimetral de Lugo cunha infraestrutura imprescindible, en especial, para os veciños da zona sur da provincia lucense" e remarcan que "sentímonos moi orgullosos do espazo natural do río Rato como demostramos coa organización de actividades destinadas a promocionar o mesmo, como a camiñada anual pola devandito contorna ata o Ponte da Chanca, entre outras".

Sen embargo fronte a estas opinións que solicitan a construción da Rolda Leste pedindo que constitúa o mínimo impacto posible para o río Rato e a súa contorna natural outras voces sinalan esta infraestrutura como innecesaria e cun dano irreversible para a paisaxes que rodea a zona sur da cidade de Lugo.

O Bloque Nacionalista Galego considera que este proxecto "terá unha

importante afectación na biodiversidade da contorna do río Rato e a destrución de máis dun quilómetro de terreo que da forma ao cinto verde de Lugo".

Por esta razón dende o BNG iniciaron unha campaña informativa sobre o proxecto, "seguiremos informando á veciñanza sobre os danos que este proxecto suporá na contorna do río Rato, destruíndo máis dun quilómetro de terreo", declarou Arroxo quen engadiu "sería impensable hoxe repetir o debate de hai 100 anos sobre derrubar a muralla, pero é algo similar ao que a Rolda Leste suporá para o río Rato".

Arroxo anunciou que a campaña do BNG incluírá mobilizacións "para facilitar que a veciñanza amose a súa oposición a este proxecto", e puxo

como exemplo o derrubamento do Gran Teatro, "algo que xa non ten marcha atrás e que supuxo unha gran perda para Lugo, non podemos permitir que isto se repita na contorna do Rato".

Dende o BNG propoñen ao goberno da Xunta de Galiza que "utilice os preto de 20 millóns orzamentarios para a Rolda Leste na rehabilitación do barrio da Tinería" e engaden que "trasladando o orzamento que gardan para a Rolda Leste neste ano, o barrio da Tinería poderá avanzar e poñerse ao nivel que merece como zona histórica da cidade, e o goberno galego pode buscar un trazado alternativo para a Rolda Leste, que non implique destruír unha das zonas verdes máis importantes da cidade". Para o BNG "a Xunta pretende a

construción desta vía con 2,8 quilómetros entre a LU-530 e a N-VI, unha infraestrutura que afectará ás carballeiras do río Rato e tamén á parroquia de Bosende" e engaden "preténdese pechar un cinto de circunvalación de Lugo que, en moitos casos, duplicará os actuais accesos cara ao hospital Lucus Augusti". Por isto os nacionalistas reclaman á Xunta que "modifique o trazado, garantindo que se manteña a contorna do Rato, parte do cinto verde de Lugo".

O colectivo ecoloxista Adegas tamén da resposta a construción desta infraestrutura e lanza a campaña Salvemos o Pulmón Verde de Lugo coa que se pretende "denunciar e dar a coñecer á veciñanza os graves impactos que esta infraestrutura, que consideramos innecesaria, vai producir sobre o val do río Rato". A través desta campaña tamén se pretende "poñer en valor os servizos ecolóxicos e sociais que esta zona achega á cidade".

Para esta asociación a construción da Rolda Leste "suporá a destrución de case dúas hectáreas de arborado autóctono, recluírá os núcleos de poboación de Bosende e Barbaín entre dúas autoestradas (a A6 e a Rolda Leste) e destruírá unha zona de alto valor paisaxístico da que fan uso multitude de persoas, tal e como se recoñece no Plan de Mobilidade do Eixo Atlántico de 2021" declaran dende Adegas.

A asociación Ecoloxistas en Acción Galicia e o Grupo Local de Ecoloxistas en Acción Lugo en particular, rexeitan a construción da Rolda Leste, unha "infraestrutura que fomenta o tráfico de coches e sacrifica carballeiras, o paseo do Rato como pulmón que rodea a cidade de Lugo é un patrimonio natural a conservar" declaran.

Para Ecoloxistas en Acción esta construción tamén "implicaría uns danos irreparables a nivel ambiental que dende a responsabilidade, o sentido común e o interese xeral deben evitarse" e engaden que "as admi-

nistracións non deben promover o gasto de fondos públicos no prexuízo do medio ambiente e da mesma sociedade lucense que disfruta destes paraxes diariamente".

Desde esta asociación entenden que "calquera tipo de actuación que se quixese levar a cabo debería ir no senso contrario, a renaturalización, non podemos gastar fondos públicos para fomentar a circulación de coches e moito menos para sacrificar carballeiras, danar á biodiversidade, consumir materiais extractivos e aumentar a contaminación lumínica, acústica ou da calidade do aire".

O grupo local de Ecoloxistas en Acción recorda que "a Xunta de Galicia

O BNG considera que a nova infraestrutura afectará ás carballeiras do río Rato e á parroquia de Bosende

basease en proxectos e estudos ambientais de hai vinte anos e polo tanto desfasados, por iso, lembrámoslle que estamos no 2023 e a sociedade e as súas demandas mudaron así como as perspectivas de crecemento da cidade, estragar o medio ambiente para adiantar un minuto nunha viaxe que xa ten vías alternativas é un despropósito. Esta obra aos únicos intereses que parece atender son aos das construtoras".

Por todo isto, dende Ecoloxistas en Acción declaran que "dicimos un rotundo no porque perderíanse carballeiras centenarias, os seus beneficios ecosistémicos, peches tradicionais e se infrinxiría un dano irreversible aos ecosistemas e ás especies ameazadas que os habitan". Ademais "afectaríanse tamén outros camiños como a vía König ou a vía romana XIX, sorprendentemente, nunha cidade que presume de ter varios patrimonios de Humanidade".



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



Novo centro social no Castiñeiro

Inaugurado o novo centro de servizos sociais interxeracional que o executivo municipal construíu na rúa Aquilino Iglesias Alvariño e cuxas instalacións prestarán servizo a unhas 20.000 persoas dos barrios do O Castiñeiro, Abuín-Abella, Carme, A Cheda e parroquias do rural.

O consta de dúas plantas e un soto, que funcionarán de xeito independente. A planta baixa, que terá unha distribución flexible, albergará actividades recreativas e formativas, coas que facilitar a

convivencia de todo tipo de persoas usuarias, mentres que a planta superior se destinará a tarefas de traballo social.

O centro ofrecerá asesoramento á poboación e atención na tramitación das axudas sociais pero tamén a impartición de formación e cursos, e de programación recreativa ou de ocio como o baile, teatro, espectáculos, xogos, etcétera. Contará cun equipo interdisciplinar constituído por traballadores/as sociais, educadores/as, animadores/as, auxiliares e conserxería.

Ciudadanos propón a creación dun Plan específico para o barrio da Milagrosa

O concelleiro de Cs, Juan Vidal-Pardo pide a creación dun "Plan de Actuación específico para o barrio da Milagrosa". O obxectivo é "lograr a rexeneración do barrio eliminando os focos de degradación e conflictividade social".

Dende Ciudadanos propoñen medidas sobre dous eixos principais "a seguridade e a rexeneración". "Dentro primeiro eixo propoñemos recuperar, a brigada de seguridade nocturna da Policía Local co obxectivo de aumentar a segu-

ridade e disuadir comportamentos delituosos específicos. Trátase dun equipo que traballou con éxito ata 2004 e que contaba cunha gran aceptación social ata que o PSOE decidiu disolvela".

Ademais insisten "na necesidade de elaborar unha listaxe das zonas do barrio con máis posibilidades de ocupación, reforzando non só a seguridade, senón a vixilancia de inmobles máis susceptibles de ocupación ilegal" apuntou o edil da formación laranxa.

Habilitarán un total de 165 prazas de aparcamento en Santa María

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, presentaron na explanada do Fogar de Santa María o proxecto co que a institución provincial creará 165 prazas de aparcamento gratuítas neste recinto. José Tomé anunciou que as obras, nas que a institución provincial inviste medio millón de euros, están en fase de licitación e arrancarán na primavera, polo que, tendo en conta que o prazo de execución é de catro meses, á volta do verán o espazo remodelado estará a disposición da cidadanía.

"Multiplicamos por catro a capacidade de estacionamento deste recinto, ofrecendo así un dos párquings gratuítos máis grandes de Lugo", Os traballos afectarán á contorna dos pavilións 1, 2, 3 e 4 que compoñen o complexo de Santa María. Entre as actuacións previstas, a responsable do proxecto explicou que se demo-



lerá o pavimento actual, prepararase unha nova plataforma e nivelarase a zona próxima á fachada que alberga o servizo de Vías e Obras. Tamén está prevista a execución dunha rede de pluviais, coas conexións necesarias aos sumidoiros e ás baixantes dos edificios. Dotarase á zona de alumbeado, actuarase sobre o firme co seu afirmado e a súa pavimentación, e humanizarase o espazo co

axardinado. Acondicionarase o acceso peonil entre as zonas superior e inferior que circundan os edificios e finalmente, sinalizarase.

"É certo que nos gustaría ter avanzado máis rápido, pero non foi posible por causas alleas á Deputación, senón motivadas polo cambio do contexto económico coa subida de prezos pola guerra en Ucraína", explicou o mandatario provincial.

Lugo Monumental pide que o proxecto de Santo Domingo conte con zonas verdes

Lugo Monumental rexistrou un escrito ao Concello de Lugo en que pide que "se use en Santo Domingo o mesmo criterio que se utiliza na praza Roxa".

"Esa intención de converter a praza Roxa nunha contorna acolledora contrasta co proxecto licitado polo Concello para a praza de Santo Domingo, unha cuestión que se decidiu sen abrir unha previa exposición pública para achega de suxerencias, e onde non se contempla ningunha zona verde,

a pesar de ser unha das principais prazas da cidade" lamentan dende a asociación que tamén ven outras ausencias neste proxecto como "espazos de xogos infantís, cuestións reiteradamente demandadas por Lugo Monumental". Desde esta asociación tamén reclaman máis zonas verdes, "as obras realizadas nos últimos anos nas prazas e rúas do centro histórico convertéronas en espazos duros, ausentes de vexetación e pouco amables co cidadán.

O PP pide a revisión e mellora do plan da Zona Baixas Emisións

O PP pide "a revisión integral e mellora do plan da Zona de Baixas Emisións por presentar numerosas carencias, falta de documentación e a análise que require unha actuación desta envergadura". Así os populares presentaron varias achegas para mellorar este plan e "solicitan que se incorporen á documentación para a súa análise previa á execución material definitiva do plan e para corrixir os problemas que xurdan dada a importancia e impacto dos mesmos".

Os populares sinalan que "se se quere apostar por un modelo de cidade integral, sustentable e coa calidade de vida que Lugo precisa, é mester corrixir as carencias deste documento para melloralo e consensuar a mellor opción para Lugo, para os veciños e negocios do centro, así como para o turismo" e cren que "o anteprojecto de peonalización do casco histórico de Lugo, sectores S1 e S2, debería ser un documento técnico que defina os aspectos fundamentais de carácter funcional, construtivo e económico" e ademais engaden que debería ter "unha serie de documentos de análise e información dos sectores produtivos incluídos no casco histórico, pero contextualizados e analizados no conxunto do casco no conxunto integral da cidade Lugo, e sobre todo que unha vez detectado os problemas platexen solucións previas a crealos definitivamente, por exemplo garantido accesos aos negocios ou o aparcamento necesario para achegarse ao Casco Histórico".



SALA PORTA MIÑÁ. Continúan os avances das obras para a recuperación e posta en valor da cloaca romana situada no semisoto da Sala de Exposicións Porta Miñá, no barrio do Carme. "Unha infraestrutura con preto de 1.700 anos de antigüidade, descuberta en 1994 –no marco dunha intervención dirixida desde o Servizo de Arqueoloxía do Concello– e que, grazas a estes traballos que impulsamos dende o executivo local, será visitable por toda a cidadanía", sostivo a rexedora, que lembrou que é a única cloaca de Galicia que se poderá coñecer 'in situ'.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.

Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**

Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

O BNG continúa cos proxectos de peonalización

Presentou no Carril dos Loureiros o proxecto de plataforma única e rematan varias obras que estaban en marcha

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza con veciñas e veciños da rúa Carril dos Loureiros, onde propuxeron converter esa rúa nunha plataforma única e “avanzar mellora integral do barrio de Recatelo despois de peonalizar practicamente todas as rúas do barrio”.

Trátase da segunda xuntanza coa veciñanza do barrio, na que desde o Goberno de Lugo se presentaron as distintas alternativas á mobilidade na zona despois de recoller as opinións das veciñas e veciños no mes de novembro de 2022.

Para Rubén Arroxo, “Recatelo está a converterse nunha importante zona de paseo, entre o centro e o Parque de Rosalía, ao mesmo tempo que melloramos os servizos e a calidade de vida da veciñanza”, e a rúa Carril dos Loureiros “é a única rúa da zona que sigue pendente de mellorar”.

“Desde o goberno municipal seguimos traballando nunha cidade na que os peóns sexan o centro da mobilidade”, afirmou Rubén Arroxo, que destacou as diversas medidas postas en marcha para este fin “como a realización de pasos de peóns elevados

ou as distintas peonalizacións que se están a levar a cabo e a proxectar”.

PRAZA ALACANTE. As obras de renovación da praza de Alicante, no barrio da Milagrosa, veñen de ser rematadas segundo anunciou o tenente alcalde e responsable de Mobilidade, Rubén Arroxo. “Trátase dunha zona que estaba nun avanzado estado de desgaste, o que fixo precisa unha actuación integral que permita renovar a pavimentación, poñendo solución ás zonas de so-cavóns e garantes a accesibilidade”, explicou Rubén Arroxo.

A solución que executada pola área de Mobilidade e Infraestruturas consistiu na renovación integral do pavimento, creando dúas zonas diferenciadas para o tránsito peonil e dos vehículos, mantendo as zonas de estacionamento, ademais da renovación do mobiliario urbano, ampliando o total de bancos instalados na zona, e cunha nova disposición que permitirá unha maior comodidade á veciñanza. Ademais, habilitáronse novas papeleiras e xardineiras.

O Goberno de Lugo continuou nesta intervención coa renovación da rede de alumeadado público municipal, eliminando luminarias de vapor de sodio, e instalando LEDs, de baixo consumo, e cun alumeadado uniforme en toda a extensión da praza. Arroxo lembrou que “neste mandato substituímos máis de 5.000 luminarias con elementos contaminantes por LED, reducindo enormemente o consumo enerxético da rede de alumeadado público”, afirmou Arroxo.

GARABOLOS. O asfalto da vía de enlace entre a N-VI e a rotonda de Garabolos vén de ser renovado segundo anunciou Arroxo que explicou que “seguimos traballando na

mellora das estradas e vías de Lugo, traballando para garantir a maior seguridade viaria en toda a cidade e nas zonas periurbanas”.

A solución executada consiste na creación dunha nova baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado, adaptáronse os rexistros á nova cota da vía e renovouse a sinalización. A Tenencia de Alcaldía habilitou nas pasadas semanas un paso peonil seguro comunicando esta zona con Meilán.

O treito a mellorar corresponde á unión entre a rúa dos Chaos, en Meilán, coa Avenida de Garabolos, unha zona na que actualmente existe un camiño de terra de ancho moi escaso. Os traballos que executará a Tenencia de Alcaldía consisten na habilitación de novas beirarrúas de formigón ruleteado en todo o treito, o que facilitará unha maior adherencia e aumentará a accesibilidade.

A CHEDA. Continúa a coa renovación dos espazos públicos no barrio da Cheda segundo anunciou Arroxo que explicou que a Concellería de Infraestruturas vén de renovar a unión da N-VI coa rúa Río Azúmara e no primeiro treito desta. Unha vez rematado o asfaltado, adaptáronse os rexistros á nova cota da vía e renovouse a sinalización horizontal. Arroxo explicou que “desde o Concello traballamos no arranxo integral da rúa Pousadela ata a ronda do Carme, o pintado da sinalización horizontal, o asfaltado da rúa Río Sar e outras actuacións neste barrio”. As intervencións neste barrio complementan outras obras feitas en diversos barrios da cidade como Albeiros, As Gandaras ou Castelo.



Lugo Monumental quiere paralizar a peonalización do casco histórico

Lugo Monumental vén de rexistrar unha solicitude para que o Goberno Local paralice os procesos de peonalización que hai sobre a mesa para “abrir un proceso de debate e reflexión conxunta para un tema de tanta importancia”.

Tras o debate convocado pola asociación Lugo Monumental no que participaron os catro grupos políticos con representación municipal declaran que “chama a atención que unhas medidas tan importantes como as proxectadas estean a esconderse á poboación. Na páxina web do Concello non hai ningún apartado na entrada principal que remita ao que se pretende facer sobre zona de baixas emisións ou peonalización, aínda que si haxa apartados relativos ás modificacións na Praza da Constitución ou un polideportivo que se afirma que se construírá”.

“Mesmo na parte específica sobre ZBE non están enlazados os tres proxectos que se licitaron, e aos que só se pode acceder seguindo unha procura bastante confusa na Plataforma de Contratación do Estado” engaden desde a asociación que publicou na súa web os tres proxectos en licitación.

Apoio de Ana Pontón

A portavoz nacional, Ana Pontón, visitou Lugo para coñecer de primeira man o traballo de peonalización da cidade.

A líder do Bloque manifestou como “Arroxo e o seu equipo están transformando Lugo en positivo e facendo que a cidade mellore, avance e aumente as súas oportunidades económicas e dinamismo, poñendo sempre ás persoas no centro para gañar en calidade de vida”. “Quitarlle

o poder aos coches para darlle o poder ás persoas é un sinal de identidade do goberno municipal do BNG”, indicou.

Pontón quixo poñer como exemplos varias iniciativas como “a posta en valor de todo o entorno da Muralla, os avances cara a unha mobilidade máis sustentable e accesible para as persoas e, por consecuencia, un aumento de facturación dos negocios localizados nesas rúas peonalizadas”.

FLORISTERÍA ROSE FLOR

Hola Primavera

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

Librería Troll

Buenas ideas para hacer los regalos más originales y exclusivos

¡NO TE OLVIDES!
SE ACERCA EL DÍA DE LA MADRE

Síguenos en  

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Comeza a renovación da rede de alumado na rolda das Fontiñas



Comeza unha nova actuación de actualización na rede de alumado público municipal na rolda das Fontiñas. “Desde a Concellería de Infraestruturas continuamos a avanzar na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumado eficiente”, explicou Rubén Arroxo.

En total, renovaranse 69 luminarias que na actualidade empregan elementos contaminantes como Vapor de Sodio, e que pasarán a ser luminarias LED de baixo consumo e alta eficiencia. “Trátase de luminarias programables, que permitirán aumentar o aforro enerxético nas horas sen tránsito peonil nin de vehículos”, explicou Rubén Arroxo.

O consumo enerxético anual do Concello de Lugo verase reducido en 55.483 kWh, permitindo que Lugo avance na implantación dun alumado eficiente en toda a cidade. O Tenente Alcalde lembrou que a concellería de Infraestruturas investiu, nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros na renovación do alumado público, instalando luminarias de baixo consumo e aplicando a perspectiva de xénero.

AS MERCEDES. O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que a concellería de Infraestruturas está a renovar o alumado da rolda das Mercedes e Xosé Castiñeira, instalando 19 novas luminarias de 130W, o que mellorará a visibilidade da zona permitindo reducir o consumo eléctrico ao substituíren á instalación actual, ao mesmo tempo que se renova o cableado.

Penas fixo balance do traballo executado polo Goberno Municipal no presente mandato na renovación da rede de alumado público da cidade. Alexandre Penas explicou que no presente mandato “realizamos un gran esforzo na posta en marcha da renovación da rede de alumado público, chegando ao final do mandato con preto de 5.000 puntos de luz renovados con luminarias LED”.

“O novo alumado, instalado, permite unha boa capacidade lumínica reducindo o consumo enerxético e as emisións de substancias contaminantes emitidas á atmosfera pola rede de alumado público da cidade”.

A protectora será trasladada ás instalacións do antigo matadoiro

Foi presentado o anteproxecto da nova Protectora municipal que “será un fogar de acollida altamente equipado, con capacidade para case 180 cans e con outra zona de gateiras, co que o Concello quere ofrecer acubillo e coidados aos animais en condicións plenas de benestar”.

O Centro de Acollida Municipal trasladarase ao antigo matadoiro, un inmovble en desuso ubicado nunha parcela de 13.705 m², no Lugar de Seoane (San Xoan da Pena), que se atopa próxima ao río Miño e rodeada de vexetación.

Lara Méndez destacou que as instalacións foron deseñadas tendo en conta criterios veterinarios que inciden directamente sobre a saúde e o benestar animal, de xeito que todas as dependencias necesarias para o funcionamento do centro se integrarán, en simbiose, no edificio principal.



Haberá unha zona de xestión, outra de residencia canina e felina, así como un espazo para atención primaria, almacenaxe e aparcadoiro.

“Os canis, con capacidade máxima para dous exemplares, disporanse na zona central do edificio e serán de dous tipos, interiores e exteriores. Estes últimos ofrecerán unha configuración desmontable, contando

con espazo de descanso cuberto, dotado de cama, e doutro para favorecer o espaxamento ao aire libre”, explicou a rexedora.

Ademais, todo o inmovble foi proxectado de tal forma que se garanta a accesibilidade cidadá a todas as áreas que albergan animais, a excepción dos lugares reservados para a corentena e a maternidade.

Comeza a licitación dos proxectos do Carme e praza da Constitución

A Xunta de Goberno autorizaba a apertura da licitación para rexenerar a praza e a rúa do Carme, cuxo importe económico foi estimado en 606.109 euros, dispoñendo a empresa que resulte adxicatoria dun prazo de execución de cinco meses para realizar os traballos.

A intervención, que inclúe a peonalización e humanización da zona, únese á mellora xa realizada no propio Camiño e na Vía XIX coa que se impulsa a transformación completa do barrio tanto no aspecto urbanístico, arquitectónico, económico e social.

A iniciativa engádese, ademais, a outras medidas en marcha como a musealización da Cloaca, a creación do primeiro coliving artístico municipal

de toda España, a posta en marcha dunha bolsa de estacionamento público e gratuito detrás da Capela – que se completará con máis prazas a disposición no Fogar de Santa María – ou o parque en homenaxe ás vítimas da Covid, que suporán un antes e un despois para a rúa e a súa contorna de especial protección.

PRAZA DA CONSTITUCIÓN. Iniciouse o proceso de contratación para a redacción do proxecto de rexeneración urbana da praza da Constitución. A Xunta de Goberno autorizaba a apertura da licitación por un importe de 75.020 euros, dispoñendo a empresa que resulte adxicatoria dun prazo de execución de 45

días para entregar o traballo.

A intervención ten por obxecto completar a transformación deseñada para o recinto amurallado, renaturalizando o terceiro maior espazo libre a carón do monumento bimilenario, logo do parque de Rosalía de Castro e da Praza Maior. Parte das accións previstas teñen como finalidade recuperar a conexión directa da porta do Campo Castelo coa reconstrución do óvalo arborizado da praza, para o que será preciso eliminar a parte máis descontextualizada da mesma que leva á estación de autobuses. Ademais, todo o ámbito se manterá como unha plataforma única de circulación, con prioridade peonil.

O PP pide a eliminación dun muro perigoso en Abella

O Partido Popular recolle a demanda dalgúns veciños de Abella que piden que “o goberno local mellore a imaxe do entorno do novo centro social”.

“Na parte traseira deste centro, na rúa Fábrica de Abella hai un solar municipal que ten un muro nun dos laterais. Este muro semella ser inestable e perigoso, xa que na súa parte superior conta con numerosos vidros rotos pegados, o que aumenta o perigo” declaran os populares.

Antonio Ameijide faise así eco das queixas dos veciños e declara que “non entenden como a inauguración do novo centro social do barrio non vai parella da adecuación desta parcela municipal, duns 1.000 m², na que se podería crear unha zona verde de ocio e esparcemento para un dos barrios nos que menos dotacións se crearon nos 24 anos de gobernos socialistas e nacionalistas en Lugo”.



A TENDA DE FINGOI
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

PANADERÍA
FRUTERÍA
ALIMENTACIÓN

SERVICIO A DOMICILIO
 Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

O Concello destinará o Plan Único integramente a melloras no rural

Os fondos do Plan Único irán dedicados a executar melloras no rural, segundo avanzou o tenente de alcaldesa Miguel Fernández, quen informou que “o Goberno local vén de trasladar á Deputación Provincial os proxectos das cinco intervencións previstas, dirixindo catro delas a acondicionar diferentes estradas en parroquias mentres que a outra terá por obxecto implantar a primeira fase do abastecemento en Pías, co compromiso de que o proxecto terá continuidade ata dotar deste servizo a toda a parroquia”.

“As actuacións beneficiarán directamente á veciñanza destes núcleos, redundando nun incremento da

súa calidade de vida e das dotacións públicas das que dispoñen na contorna, pero tamén contribuirán á comodidade e seguridade viaria do conxunto da poboación que poida empregalas nos seus desprazamentos, mellorando as conexións e a rede de infraestruturas municipais”, subliñou o edil responsable.

Do conxunto das obras, que foron orzamentadas en 557.568 €, a Deputación achegará medio millón de euros e o Concello 57.568 €.

Dentro dos traballos de acondicionamento e mellora que se levarán a cabo están o da estrada municipal que atravesa o núcleo rural de Cabelos (Santalla de Mazoi), por va-

lor de 60.864 €, o firme da estrada municipal que comunica os núcleos de Portanova, Fontemaior e Airexe (Santa María de Coeses), orzamentada en 56.657 €, o firme da estrada municipal que, partindo da N-232, enlaza o núcleo de Astariz coa N-540 (San Vicente do Veral e San Lázaro da Ponte), cun importe de 101.701 € e a estrada municipal que, partindo da LU-P-2910, chega ao núcleo do Castro (Pista de Paredes) (San André de Castro), cuxo presuposto ascende a 137.506 €.

Por último tamén se renovará o abastecemento de auga na parroquia de Pías (Primeira Fase), estimada en 200.837€.

Convocada unha manifestación “contra a depredación eólica”

Coincidindo coa data límite establecida pola normativa vixente para outorgar autorización previa aos proxectos eólicos promovidos en Galicia con declaración de impacto ambiental favorable, a Coordinadora Eólica Así Non convoca o pobo galego a participar nunha nova mobilización masiva en Santiago de Compostela, o vin-

deiro 23 de abril. Esta mobilización chama ás plataformas de veciños e veciñas afectadas e a todo tipo de colectivos e entidades críticas co actual modelo “depredador da enerxía eólica” a rodear o edificio da Xunta en Santiago, para manifestar a súa repulsa aos 77 proxectos eólicos con declaración de impacto ambiental positiva.



O Partido Popular pide o arranxo dun camiño en Adai

Os concelleiros do PP fanse eco das queixas recibidas por parte de veciños de Adai e “reclaman o arranxo dun camiño que empregan, sobre todo para tránsito de vehículos agrícolas xa que dá acceso a varias fincas ás que se entra con maquinaria, polo que o risco para agricultores e operarios é máis que evidente”.

Dende o PP declaman que “os veciños denuncian o mal estado deste camiño, que se agravou nas últimas semanas, e critican que hai tempo que levan pedido que se amañe esta pista xa leva meses deteriorándose sen que as súas reclamacións fosen atendidas polo goberno local”.

“A realidade é que os afundimentos son de grandes dimensións o que pode provocar que envorque a maquinaria”, advirten. Dende o PP reclaman “o arranxo inmediato desta pista, xa que tamén se trata dunha zona moi frecuentada por amantes da natureza e do deporte, polo que o risco é evidente para os usuarios”.

As obras de acondicionamento da pasarela do Mera comezan



A obra de acondicionamento da pasarela do río Mera, financiada pola Consellería do Medio Rural a través dun convenio de colaboración coa comunidade de montes de San Miguel de Orbazai, está a iniciarse.

Está previsto que os traballos den comezo ao longo desta semana e o Goberno galego achega un total de 30.800 euros para executalos. A actuación servirá para reparar e renovar esta estrutura, tanto a

pasarela de madeira como as escaleiras. En total intervívase nuns 107 metros de lonxitude que están dentro dos límites das parcelas da comunidade de montes.

O delegado territorial afirmou que a Xunta apoia así “unha mellora moi demandada pola veciñanza” que permitirá “transitar por esta zona con seguridade” e potenciar “unha contorna con gran valor natural e paisaxístico no concello de Lugo”.

Mobilización en Nabela ante unha problemática de fumes



Veciños de Nabela, Santa Comba e San Xoán da Pena mobilizáronse ante a problemática do fume na cidade de Lugo e os seus arredores.

Na concentración, que tivo lugar diante da de Tableros Hispanos, reivindicouse “o dereito dos veciños á calidade de vida e a protección da súa saúde ante unha situación de fumes”.

Os veciños reclaman ás administracións competentes que “fagan porque se cumpran as medidas medioambientais vixentes”. “Respectando ditas normativas, a calidade do aire melloraría substancialmente en toda a cidade de Lugo e, especialmente, na zona de Nabela, onde mais se están a sufrir estes fumes”.

Diferentes membros do BNG asistiron tamén á concentración e Rubén Arroxo afirmou que “desde o BNG mantivemos xuntanzas coa Asociación de Veciños do Vilar, residentes a menos dun quilómetro da fábrica, que desde hai anos veñen denunciando os altos niveis

de rúidos e as emisións de fumes que padecen nas súas vivendas”.

A asociación veciñal afirma que a contaminación do aire producida polas emisións de Tableros Hispanos estalles a producir graves molestias de saúde, entre as que se atopan inflamacións nos ollos e nas vías respiratorias. Desde o BNG recóllense as reclamacións da Asociación de Veciños do Vilar cara a Xunta de Galiza, reclamando a instalación dunha estación de control da calidade do aire, e a medición diaria das partículas PM10 e PM2,5 por parte da propia administración.

“É preciso que a empresa cumpra coas medidas de control marcadas pola normativa ambiental e que o Goberno Galego garanta o benestar da veciñanza”, afirmou Arroxo, que anunciou que o BNG rexistrará iniciativas no Parlamento de Galiza “para que o Goberno de Galiza informe á veciñanza dos avances feitos no control das emisións desta instalación”.

O Campus Terra lanza unha nova convocatoria do programa de prácticas ‘Retorna ao rural’

O Campus Terra da USC lanza unha nova convocatoria do programa Retorna ao rural, unha iniciativa para o campus da sede universitaria luguesa, a través da cal o alumando matriculado nos dous últimos cursos das titulacións de grao impartidas nas facultades de Ciencias, Formación do Profesorado, Veterinaria, EPS de Enxeñaría, Humanidades e Administración e Dirección de Empresas poderá completar estadias formativas de ata tres meses de duración en empresas asentadas no medio rural. As persoas beneficiarias poderán solicitar o recoñecemento de ata 13 créditos ECTS. A presente convoca-

toria inclúe a oferta de dez bolsas de prácticas formativas, a razón de dúas por cada titulación, para o alumando dos graos en Nutrición Humana e Dietética, Bioquímica, Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, Administración e Dirección de Empresas e Xestión Cultural. As facultades de Veterinaria e Formación do Profesorado, así como a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, que fan unha xestión directa da concesión destas estadias en empresas asentadas en localizacións rurais, ofrecen tamén un total de 24 prazas para o estudantado dos seus respectivos títulos de grao.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa María Madalena de Coeses

Durante as obras da autovía a Santiago, foi atopado un castro único de morfoloxía anular no lugar de Ventosiños

A parroquia de Santa María Madalena de Coeses está situada a nove quilómetros ao sur da cidade de Lugo, sobre a ribeira do río Miño, e está formada por oito núcleos de poboación. Cun total de 182 habitantes os núcleos máis

poboados son Ceza, Fontemaior, Portanova e Vilalvite que aglutinan case 140 habitantes. Nesta parroquia, durante os anos 2011 e 2013 no marco das obras para a construción da autovía que conecta Lugo con Santiago, foi do-

cumentado no lugar de Ventosiños un castro único de construción morfolóxica anular que mide uns sesenta metros de diámetro. A raíz deste achado o trazado da autovía foi modificado para preservar estes restos arqueolóxicos.

A cronoloxía data este xacemento entre os séculos XI e IX a.C. segundo as datación radiocarbónicas obtidas, estas datas corresponde co final da idade de Bronce. Durante as campañas de escavación realizadas completouse un total de 1946 rexistros, na súa maioría correspondentes con restos cerámicos pero tamén se atoparon elementos metálicos, un colgante de vidro e unha moeda.

En Coeses atopamos a igrexa parroquial de Santa María Madalena de Coeses, unha construción ampla que conta cun atrio con cemiterio ao seu redor. A nave principal, a dúas augas e cuberta de lousa esta feita cunha estrutura de madeira e dúas ventás en cada lateral.

O presbiterio, no mesmo plano ca nave e con maior altura ten unha cuberta sobre madeira a catro augas, e conta con dúas sacristías nos laterais máis baixas. No seu interior o retablo maior, de grandes proporcións é de estilo neoclásico, do século XIX, e o retablo do lateral é de estilo renacentista, con influencia barroca do século XVII. Ademais do castro e da igrexa parroquial, un dos principais



reclamos desta parroquia é a capela das Virtudes emperezada en medio dunha arborada e situada no límite coa parroquia de San Mamede de Rivas de Miño. Esta capela conta cun cabido, a dúas augas, que da acceso ao interior a través dun gran arco central e dous laterais.

A construción é de planta rectangular e no seu interior garda un retablo barroco, unha imaxe da

Nosa Señora das Virtudes e unha pintura xa moi deteriorada a causa da humidade.

A principios do século XX os habitantes de Coeses celebraban unha romaría onde os devotos recollían a auga do río que estaba considerada milagrosa. Está consideración debíase a que se cría que en certa ocasión pasara por alí a Virxe co seu fillo en brazos, e cando tiña sede baixara a beber naquel lugar.



EU e Podemos denuncian o abandono da zona das Regas

Podemos-Esquerda Unida tiveron nos pasados días un encontro con veciñas e veciños da zona de Camiño das Regas, para “coñecer de primeira man as súas demandas e queixas polo estado de abandono no que se encontran as rúas, así como a súa contorna que supón unha zona destacada de humedais con diversas especies de fauna, e que dende hai anos o Concello deixou en malas condicións, trala realización de obras na zona”.

Chus Rodríguez, candidata á Alcaldía, xunto á tamén candidata Ximena Cheda, puideron observar in situ “a falta de conservación das rúas, con multitude de baches e fochancas, e



sen un asfaltado adecuado, que dificultan a circulación de vehículos pola zona” e destacan “o caso dunha persoa cunha discapacidade, veciña da zona, que ten dificultades para ser recollida no seu domicilio polo difícil acceso do vehículo que a traslada a un centro de día”.

Continúan os traballos de mellora de firme nos barrios de Castelo

Continúan os traballos de mellora nas rúas de Lugo, segundo explicou Rubén Arroxó a Concellería de Infraestruturas realizou traballos nas zonas de Castelo de Arriba, no vial perpendicular á estrada da Fonsagrada, na Fervedeira, mellorando o acceso a 7 vivendas, e nos vindeiros días será o turno da Cheda, na unión da N-VI coa rúa Río Azúmara e no primeiro treito desta.

A solución executada pola Concellería de Infraestruturas consiste na creación dunha nova baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, adaptáronse os rexistros



á nova cota da vía e renovouse a sinalización horizontal.

“Seguimos traballando para mellorar a unión da zona urbana co rural, facilitando que a veciñanza conte con camiños que garantan a acce-

sibilidade”, explicou Arroxó, que engadiu “nestes anos realizamos este tipo de camiños en Albeiros e Castelo, e continuaremos a traballar na comunicación peonil segura e accesible en toda a cidade”.

DEPUTACIÓN

Os concellos destinan 16 millóns a obras, 3,7 a emprego e 3,4 ao SAF

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou este martes por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, que nesta anualidade conta con 21,5M€ de fondos da institución provincial.

O Goberno provincial sacou adiante deste xeito a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta case 25M€ de fondos públicos no tecido social e económico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que ascenden en total a máis de 3M€.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que, por terceiro ano consecutivo, a Deputación aprobou as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia, e a relación de actuacións no primeiro trimestre do ano, “o que lle permite aos concellos, tanto planificar as accións municipais con maior antelación, como traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos e son máis áxiles”.

Os concellos presentaron as súas propostas para investir estas importantes partidas económicas da institución provincial aos distintos programas establecidos: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións/eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, asegurou que con este



instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia con criterios públicos e obxectivos, e botou en falta que ningunha outra administración teña un mecanismo semellante para esta provincia.

Así mesmo, recalcou que o Plan Único da Deputación “é fundamental para que os concellos, sobre todo os máis pequenos, poidan prestar os servizos máis básicos ós seus veciños”.

García Porto asegurou que o Goberno provincial se comprometeu ao principio do mandato a incrementar ata o 25% a contía do Plan Único sobre o importe destinado no 2019, “sempre e cando quedase recursos liberados das transferencias á Xunta das competencias impropias que asume a Deputación como as residencias, por exemplo”. Afirmou que a Xunta non asumiu ningunha desas competencias que vén asumindo a Deputación e que tampouco creou

ningunha residencia de maiores pública neste tempo, o que imposibilitou subir as contías máis porque os recursos son limitados.

As entidades locais danlle prioridade aos investimentos -aos que dedicarán 16M€, preto do 70% do total dos fondos, para acometer máis de 330 obras e subministracións-, seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7M€, cos que crearán 317 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que reciben 3,4M€ para atender a máis de 2.000 persoas. Os concellos dispoñen de prazo máximo para executar as accións que contemplan no Plan Único ata o 31 de outubro de 2024 e para xustificar, o 15 de novembro do vindeiro ano.

A deputada detallou que este programa de investimentos supuxo un investimento total de 85,3M€ neste mandato, entre o ano 2019 e este 2023, para acometer 1.500 obras e formalizar máis de 1.200 contratos de traballo.

Reclaman á Xunta cobertura pediátrica

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a que garanta a cobertura pediátrica con especialistas a todos os nenos e nenas da provincia. Así se acordou no Pleno, a raíz dunha proposta presentada polo Goberno provincial, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e o voto en contra do PP.

Espuxo a voceira, Pilar García Porto, que segundo os datos do sindicato O'Mega, en Galicia hai 11.000 nenos e nenas sen pediatra asignado e que, atendendo aos datos da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria, o 14% das prazas de pediatría están atendidas por médicos que non contan con esa espe-



cialidade. Cuestión que demostra que “a xestión que se fixo da sanidade pública en Galicia é nefasta”. “A infancia é unha etapa fundamental para as persoas, con doenzas específicas que requiren a atención de especialistas”, denunciou García Porto. Nese sentido, puxo sobre a mesa que na provincia de Lugo hai

2 prazas de pediatría sen cubrir nos centros de saúde, que o cadro de persoal de pediatras da provincia conta con 35 profesionais, dos que preto dun terzo -11- non son especialistas. “É o momento de tomar cartas no asunto por parte de quen ten a responsabilidade”, subliñou.

O Pleno tamén sacou adiante unha moción presentada polo grupo do PSdeG, cos votos a favor dos socialistas e do BNG e o voto en contra do PP, para que a Xunta incrementa o complemento autonómico das pensións non contributivas na mesma porcentaxe -do 15%- que o Goberno ten decretado para estas prestacións no conxunto do Estado.



1.800 viaxeiros abren de novo o programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo arrancou a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. Esta tempada, que se repartirá en dúas quendas, a primeira dende marzo ata o 16 de xuño e a segunda en outono, mantéñense as 37 rutas polo territorio lucense. En total, na primeira quenda desta edición, participan preto de 1.800 viaxeiros de 80 entidades da provincia.

A deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, foron os encargados de dar a benvida ás primeiras entidades participantes este ano: a Asociación de Veciños de Cumbraos, de Monterroso, e a Asociación de Viúvas Julia Minguillón, de

Lugo. Os ulloáns visitaron o Pazo de San Marcos e achegáronse á comarca de Sarria, mentes que o colectivo lucense coñeceu a Produtora de Audiovisuais e o patrimonio de Lourenzá e Mondoñedo.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

Acordo con Adegas polo patrimonio rural

Medio Rural da Deputación e Adegas lanzan o proxecto Patrimonio Rural. Custodiando o noso legado máis singular, co que desenvolverán, ao longo do ano, diferentes actividades encamiñadas á defensa, divulgación, custodia, restauración e conservación do patrimonio cultural e ambiental en entornos rurais.

Os valados de pedra seca tradicionais - técnica de construción declarada como Patrimonio da Humanidade pola Unesco - e elementos do megalitismo como mámoas, dolmes ou petróglifos centrarán as accións a desenvolver no marco deste proxecto, reforzando o traballo que Adegas ten realizado neste eido con acordos de custodia con titulares de terras en distintos concellos e comarcas.

A deputada Mónica Freire sinalou que “o interese de seguir difundindo e implementando estes acordos de custodia para avanzar na protección e na posta en valor do patrimonio da man das persoas propietarias dos terreos e da veciñanza” e incidiu en que “é fundamental traballar ao seu

carón para que as iniciativas de protección se consoliden e se perciban como positivas para o desenvolvemento cultural, social e tamén económico desas zonas”.

Nese senso, destacou que “o proxecto afonda nunha liña de traballo que é común a todos os programas que desenvolvemos desde Medio Rural, desde o programa de visitas escolares Da Escola á Granxa ata O que non arde que apoian as actividades produtivas que inciden na protección do territorio”.

O apoio económico da área dirixida por Mónica Freire, que achega 15.000 euros ao proxecto, destinarase a ampliar os acordos de custodia do territorio na provincia, crear unha base de datos de persoas e entidades propietarias para a custodia territorial e adquirir en propiedade novas parcelas. Tamén se actuará no ámbito do voluntariado, involucrando nos grupos á poboación local e formando ás persoas voluntarias na defensa e na restauración do patrimonio.

AO NOSO CARÓN

Invisten 1,2 millóns no cinto comarcal en Guntín, Palas, Cospeito e Castro de Rei

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación de obras por 1,2M€ no cinto comarcal de Lugo ó seu paso por Guntín, Cospeito e Castro de Rei. Así o informou este venres a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

Por unha banda, a institución provincial mellorará a LU-P-1611 á altura de Guntín cun investimento de practicamente un millón de euros. “Renovaremos o firme en 10,5 quilómetros, cun prazo de execución de dous meses. As obras consisten na reapertura de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización”, explicou. Entre o investimento dun millón de euros que aprobamos hoxe e o de 315.000€ que acordamos na Xun-

ta de Goberno da semana pasada para a estrada LU-P-2901, entre Lugo, Palas e Guntín, superamos os 1,3M€ para actuacións en estradas provinciais de Guntín”, afirmou García Porto. Unhas obras que benefician á veciñanza deste concello porque que facilita a comunicación coa capitalidade da provincia, mellorando o acceso a servizos como o Hospital ou actividades administrativas.

Pilar García Porto destacou que, por outra banda, aínda que tamén no cinto comarcal, se acordou “sacar a licitación unha obra por un importe de 165.000€ para a rehabilitación do firme nun tramo de case 3 quilómetros, á altura dos concellos de Cospeito e Castro de Rei”. Os traba-

llos inclúen a limpeza de laterais e obras de drenaxe, así como a pavimentación en tres treitos: do punto quilométrico 2,450 ó 2,750; do 5,200 ó 6,500 e do 7,300 ó 8,600. Tamén se renovará a sinalización horizontal e vertical.

Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou a licitación por máis de 120.000€ dun contrato para a mellora dos cinco primeiros quilómetros da LU-P-0406, a estrada que une Martín, no concello de Baleira, e Crende, no municipio de Pol.

A maiores deste investimento, García Porto lembrou que para esta estrada a Deputación tamén destinou outros 129.000€ para arranxar os danos que sufriu esta calzada á altura do punto quilométrico 2,700



polas fortes choivas do mes de xaneiro. Polo tanto, entre as obras xa aprobadas e as licitadas hoxe, o orzamento nesta estrada chega ós 250.000€, recordou a voceira.

O PP ve “totalmente insuficientes” as obras aprobadas pola Deputación no cinto comarcal (LU-P 1611) e reclama melloras en todos os tramos deteriorados

“O goberno provincial, presidido

polo socialista José Tomé, tardou en acordarse da necesidade de mellorar a estrada LU-P 1611, chamado o cinto comarcal de Lugo, a pesar de que o PP puxo este asunto riba da mesa en outubro do 2021”. Os populares alégranse con estas palabras de que, por fin, “se acometan melloras nesta importante vía provincial, pero avisan de que son totalmente insuficientes”.

friol



Éxito de público e produtos na Feira do Queixo e Pan de Ousá

A celebración da XXIX Feira do Queixo e Pan de Ousá, no concello de Friol, foi un novo éxito, con miles de persoas e os produtos á venda practicamente esgotados. Destacaba o feito de que esta é a primeira na que ten o título de Festa de Interese Turístico Galego, o que lle supuxo unha axuda de 3.000 euros.

No encontro deste ano participaron centos de persoas que puideron degustar algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 90 queixerías e cinco panaderías da zona. En total vendéronse arredor de 15.000 queixos e máis de 5.000 panes, superando as cifras do ano pasado.

A feira foi inaugurada pola quei-

xeira friolense da parroquia de Condes Josefa Baamonde e pola vicepresidenta do Parlamento Elena Candia.

O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa situáronse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil.

A programación da xornada completouse con concertos e actividades para todas as idades malia que a compra do queixo e o pan e a súa promoción foi o eixo principal da xornada. A música de París de Noia completou o programa.

O Concello fixo entrega ao CPI local de equipamento infantil

O Concello de Friol, a través do seu alcalde Jose Ángel Santos, fixo entrega dun lote de material, para que o equipo de profesionais da etapa de infantil poida traballar mellor a psicomotricidade cos nenos e nenas do CPI Doutor López Suárez de Friol. Na entrega do material estivo presente Felipe Barata, director do centro educativo, e Patricia Prieto, coordinadora do equipo de Infantil. Ese lote de material está composto por un conxunto de tobogán, prisma rectangular, prisma ondulado, rampa de escalada, balancín arco, túnel de reptación redondo, arco túnel, pasillo semicilíndrico recto e



curvo, entre outras cousas.

O alumnado de infantil xa fixo uso de parte de este novo equipamento, e ademais de desfrutar moito,

serviralles para traballar a psicomotricidade, que tan importante é en esta etapa da vida dos nosos nenos e nenas.

O Concello e a Deputación convenian a mellora de varios accesos en Anxeriz

O alcalde de Friol, José Á. Santos e a deputada do BNG, delegada da Área de Medio Rural da Deputación Provincial, Mónica Freire, veñen de asinar un convenio por un importe de de 43.000 euros para o acondicionamento dunha pista na parroquia de Anxeriz.

O importe total previsto para estes traballos ascende a 43.000 euros, asumindo o total do coste das obras

a área de Medio Rural da administración provincial. Está previsto que comencen as obras de inmediato para que estean rematadas o antes posible.

Os obxectivos de este convenio son a mellora da infraestrutura viaria rural, contribuír ao aumento da competitividade dos sectores agrícola e gandeiro, mellorar as condicións de vida dos habitantes que transitan

por esta zona, contribuír ao desenvolvemento económico e social de Friol.

Segundo o alcalde, José Á. Santos, “trátase da segunda colaboración con esta administración, despois de outro convenio asinado no ano 2021, despois de mais de quince anos sen que existise colaboración neste sentido entre ambas administracións”.

A Granxa Gayoso Castro ten o certificado europeo de benestar animal



A voceira socialista do Goberno da Deputación de Lugo, Pilar García Porto, xunto ao deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, recibiu da man do Director de Actividade Agroalimentaria en Bureau Veritas, Jacobo de Nóvoa, a certificación de benestar animal Welfare Quality que vén de obter a institución provincial para a Granxa Gayoso Castro, en concreto para a explotación de produción e reprodución de raza Cachena e para a produción de leite de vacas de raza frisona na Granxa Experimental de Leite.

A institución provincial vén de obter este selo de calidade avalado pola Comisión Europea, tras superar unha auditoría exhaustiva realizada por expertos autorizados polo Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria (IRTA) e que se basea, non

só nas características e estado das instalacións, senón na inspección e observación directa dunha mostra representativa dos animais da explotación, avaliando catro aspectos: boa alimentación; bo Aloxamento; boa Saúde; e comportamento axeitado. No acto de entrega, que tivo lugar neste último centro, García Porto subliñou que a certificación é “un avance importante na mellora continua da Granxa Gayoso Castro que estamos impulsando desde a Deputación, tanto a nivel da xestión administrativa interna, como tamén para seguir potenciando estas instalacións como un referente e como un motor do sector primario e da actividade económica da nosa provincia”, tendo en conta, sinalou, “o peso absolutamente fundamental que ten a actividade agrogandeira en Lugo”.

O Concello arranxará tres bens patrimoniais

O Concello de Castro de Rei vén de solicitar unha serie de axudas para acometer a rehabilitación de tres elementos que forman parte do seu patrimonio histórico-artístico. A primeira das actuacións afecta á Fonte da Troita, no lugar de Couto de A, parroquia de Ramil. É un elemento arquitectónico cun valor moi singular, moi ligado ao patrimonio inmaterial do asentamento castrexo do Castro de Viladonga.

Preténdese realizar nela un traballo de conservación e restauración para corrixir as alteracións detectadas mediante unha intervención de limpeza e consolidación das estruturas consistente en limpeza dos elementos construtivos, asentamento e recolocación de pedras, consolidación e recheo de ocós, etc.

Tamén se actuará na Cruz de Quintela, na parroquia de Santa Comba de Orizón. Nela preténdese levar a cabo a estabilización do cruceiro, eliminación de hedras, limpeza da superficie pétreo do cruceiro, recolocación das pedras danadas e recheo de ocós.

Finalmente levarase a cabo unha actuación no cruceiro de Casas Novas, na parroquia de Santa Loba, no que se pretende eliminar a vexetación da contorna, escaleira e muros, limpeza da superficie do cruceiro e pedras, adhesión dos pés da escultura e asentamento e recolocación de elementos en risco de caída ou desprendemento. As tres actuacións contan cun orzamento de preto de 15.000 euros, dos que se solicitou unha achega a Agader coa que se pretende acometer os traballos descritos.



O concello, protagonista dun proxecto do portal Rutas de Historia

Cofecer, amar, valorar e protexer a historia de Galicia. Ese é o principal obxectivo de www.rutasdehistoria.gal, un proxecto patrimonial impulsado polo portal web www.historiadegalicia.gal ao que esta primavera se suman catro rexedores das catro provincias galegas cun único fin: poñer en valor o seu patrimonio local.

Cofecendo a historia cos alcaldes de Galicia, así se chama este novo proxecto impulsado por Rutas de Historia que quere converter en guías turísticos e históricos por un día aos alcaldes de Tui, Enrique Cabaleiro; Castro de Rei, Francisco Balado; Outes (A Coruña, Manuel González) e A Mezquita (Ourense), Rafael Pérez.

O obxectivo é que os propios alcaldes sexan os guías dun grupo de máis de medio cento de persoas pola historia e o patrimonio dos seus concellos e dean a cofecer os “segredos ocultos” e as “anécdotas históricas” que atesouran. A presentación deste proxecto tivo lugar no Centro Internacional de Prensa

de Galicia en Santiago este venres. O rexedor de Castro de Rei indicou que “o patrimonio dos concellos de Galicia moitas veces está deteriorado”. Incidiu en que, dende esta iniciativa queren “poñer o acento naquel patrimonio que está agochado e que non se ve”.

As andainas terán lugar o 1, 15 e 29 de abril e o 6 de maio. Algúns deles serán de mañán e outros tamén de tarde e combinarán visitas con camiñatas. Os alcaldes, acompañados nalgunhas ocasións por divulgadores locais explicarán, en varios puntos, os contextos históricos por onde pasan os camiñantes. En Castro de Rei farase o 6 de maio. Unha visita por máis de 2.000 anos de historia na que se poderá cofecer onde se atopou un tesouro romano, sepulturas paleocristiana, a casa de José Castedo Teijeiro, inventor dun fusil similar ao máuser; os lugares onde naceron o rico comerciante do século XVIII marqués de Atalaia Bermeja e Manuel Becerra Bermúdez, ministro de Fomento e Ultramar no século XIX.



PONTELLO DE LOBOS A Deputación avanza no arranxo do Pontello dos Lobos. A institución provincial iniciou no prazo anunciado polo presidente, José Tomé Roca, unhas obras nas que inviste 314.000€, entre a reparación da propia ponte, que colapsou polas fortes choivas, e obras de acondicionamento no resto da estrada, a LU-P-1706, que une Castro de Rei e Cospeito. A Deputación destina 315.000€ ó Pontello dos Lobos e, a maiores, cun investimento de 164.000€, renovará o asfalto dun treito da estrada de 1,3 quilómetros ao seu paso por Castro de Rei, en concreto, entre os puntos quilométricos 7,3 e 8,6. Ademais, á altura do concello de Cospeito procederá ao bacheo de varios tramos. Por último, renovará o pintado da totalidade da estrada.

O BNG pide o arranxo do aparcadoiro do campo de fútbol

O BNG promoveu, a través dunha proposta no pleno municipal, arranxar as inmediacións do campo municipal de fútbol Arturo Pereiro de Castro Ribeiras de Lea, mais en concreto, a zona do aparcadoiro para vehículos.

Digna Lagarón, concelleira do BNG, declarou “as persoas usuarias do campo non dispoñen dun lugar adecuado para poder ir camiñando ou estacionar o seu vehículo, o que está ocasionar malestar e unha mala imaxe dos servizos públicos do noso concello”. De igual xeito, a concelleira destacou “o estado actual da contorna do campo de fútbol está moi deteriorado, por isto impulsamos o arranxo da zona e do aparcadoiro, sobre todo solicitando celeridade ao goberno municipal, xa que ten nun caixón pechado un proxecto de arranxo desde o ano 2019”.

A proposta do BNG foi rexeitada polo voto en contra do Partido Popular, o cal Digna Lagarón sinalou “o BNG sempre vai traballar en positivo pola veciñanza, sempre tenta sumar para gañar máis e mellores servizos”.

A Ponte de Outeiro convoca a Festa da Troita para o día 15

A localidade de Ponte de Outeiro festexa o día 15 de abril a terceira edición da Festa da Troita, que inclúe o concurso de pesca nas modalidades de lance, cebo e mosca.

O concurso iniciarase oficialmente na noite do venres 14 co sorteo de dorsais no Teleclub de Ponte de Outeiro. O sábado, a concentración de pescadores será ás 7.30 horas para iniciar os concursos ás 9.00. Rematarase sobre ás 13.00 horas para celebrar o xantar de irmandade e a entrega de premios. Previamente ao xantar haberá sesión vermú a cargo do grupo Epo-K, que volverá tocar ás 18.00 horas, a mesma hora que está prevista unha sesión de xogos populares.

Pola noite haberá verbena a cargo da orquestra Marbella e se completará a sesión musical coa actuación de Eventec e Cosmedeejay. Como non podía ser doutro xeito, haberá degustación de troitas. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

Os interesados en participar no concurso teñen que inscribirse antes do 10 no teléfono 619 703 373. Ten un prezo de 45 euros con xantar incluído. Os que desexen só participar no xantar teñen que facerse co ticket, de 30 euros, no bar o Ribeiro.

Abre o prazo para un obradoiro de reciclaxe

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición no Obradoiro de reciclaxe de cousas que temos pola casa, financiado pola Deputación Provincial de Lugo dentro da programación de actividades medioambientais que se realizan nos concellos integrantes da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Este obradoiro celebrarase no Espazo Municipal de Autorreparación e Intercambio de Obxectos situado no Parque Empresarial de Outeiro de Rei ao carón do Punto Limpo os sábados 15, 22 e 29 de abril de 2023 en horario de 10:00 a 14:00 horas. O número de prazas que se ofertan é de 15 e a cota de inscrición é grauíta.

As inscricións están abertas ata o 12 de abril pódense realizar na Casa da Cultura ou no teléfono 982 393 408.

Robra celebra as súas festas na Semana Santa

A localidade de Robra festexa durante a Semana Santa, as festas na honra a Virxe das Dores. O programa abrírase o vernes 7 coa verbena a cargo de New York e París de Noia, esta última a partir da medianoite. O sábado haberá sesión vermú co dúo D'Nika e a verbena contará con Fania Blanco Show e Os Satélites, e o domingo a misa solemne será ás 13.30 horas e música, en dobre sesión, correrá a cargo do grupo Jacque de Ferrol. O luns 10, repetirase o oficio relixioso e darase por terminada a festa coa sesión vermú, que estará a cargo do dúo Eclipse.

Abre o prazo para a Escola Infantil

Xa está aberto o prazo de solicitude de admisión para o curso escolar 2023/2024 na Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei, que poderá facerse ata o 2 de maio.

Durante este período de tempo os pais/nais ou tutores dos nenos/as que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza, no caso de querer continuar na escola infantil no próximo curso. Paralelamente, os pais/nais ou tutores de nenos/as que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar deberán presentar solicitude de inscrición.

Para ambos supostos hai modelos normalizados que poden obterse na escola infantil e no Concello de Outeiro de Rei.

O BNG reclama protexer a capela de Bravos

O BNG de Outeiro de Rei demanda medidas urxentes para “deter a destrución” da capela de Bravos, en Vicinte, e asegura que “resulta imprescindible frear a destrución do patrimonio histórico do concello”.

Din que a capela de Bravos está a sufrir un intenso deterioro debido ao seu abandono e mal estado de conservación no que se atopa. Esta capela, “que é un dos elementos máis representativos do Patrimonio Histórico do concello”, ten partes románicas e góticas e foi durante séculos un dos centros de peregrinación da comarca. Ten tamén un cruceiro asociado que é un dos máis representativos da Terra Cha, idéntico por certo ao existente en Quintián, na parroquia de Cela ao outro extremo exacto do concello. Esta capela xa sufriu recentemente roubos de distintas pezas e, debido ás goteiras e falta de mantemento, estase a destruír tanto o edificio



como o contido da propia capela. O BNG propoñía que se iniciasen os trámites para incorporar esta capela ao patrimonio público e, mentres isto non fora efectivo, se se tomasen as medidas oportunas para deter a destrución deste ben patrimonial.

“O PP, como ben sendo habitual, recoñece a importancia deste ben, así como chufa do moito que fai pola conservación do patrimonio, pero vota en contra da medida para frear a súa destrución”, indicaron os nacionalistas.

Xa hai gañadores do concurso de recitado de poemas na casa de Manuel María



A Casa-Museo Manuel María celebrou a sétima edición do Concurso escolar de recitado poético da obra de Rosalía de Castro e Manuel María con alumnado de distintos lugares de Galicia.

O certame, que leva por título *Rosalía sempre viva*, desenvolveuse en dúas sesións, de mañá e de tarde, e contou cunha importante participación.

O alumnado participante, de entre os 6 e os 18 anos, realizou un excelente concurso cun nivel altísimo que puxo moi complicado o veredito do xurado.

Os premiados na primeira categoría (1º, 2º e 3º de primaria) foron Dúnia Sánchez Costa, do CEIP Canosarus de Coristanco, polo recitado do poema Caracol de Manuel María. Na segunda categoría (4º, 5º e 6º

de primaria) foi para Paula García Vázquez, do CEIP Península da Paz de Cervo, co poema O cuco.

Na 3ª categoría (Educación Secundaria) gañou Carme Pereira Troncoso, do Colexio Maristas A Inmaculada de Lugo, polo recitado do poema Tristes recordos de Rosalía de Castro; e na 4ª categoría (Bacharelato e Ciclos Formativos) o premio foi para Lucía López Alvareño do IES Santiago Basanta Silva, polo recitado do poema Eu ben vin estar o moucho de Rosalía de Castro.

Tamén recibiron unha mención honorífica Lara Arias Sanjurjo do CPI de Xanceda polo poema de Manuel María A natureza, na categoría segunda e, por outra parte, Sara Martínez Quindimil do CPI de Xanceda polo recitado do poema Cando a luniña aparece.

Continúan as xornadas de mobilización en Capsa para a suba salarial



Os traballadores e as traballadoras da factoría que Corporación Alimentaria Peñasanta (Capsa) ten en Robra continúan co calendario de mobilizacións para esixirlle á empresa que cumpra coas garantías económicas recollidas no convenio propio. O persoal realiza un paro laboral de dúas horas e concentrouse diante das instalacións dende ás 13.00 ás 15.00 horas.

O comité (con representación íntegra da CIG) lembra que despois de varias reunións solicitando que faga efectiva a revisión salarial conforme ao IPC real, tal e como se recolle no convenio colectivo, a empresa aínda non aplicou o incremento nin

manifestou vontade neste sentido.

Para os traballadores e as traballadoras resulta “gravísimo este incumprimento do convenio, máxime nun momento no que o custe da vida está disparado e os salarios perden poder adquisitivo a causa da elevada inflación”. Por iso, ante a falta actualización dos soldos nos termos pactados no convenio, o persoal acordou iniciar mobilizacións.

Realizáronse dúas concentracións ante a planta e tamén están convocados paros laborais de dúas horas, que nesta xornada tivo un seguimento do 100%. Fanse de momento un día á semana.

Renden homenaxe a oito mulleres nun vídeo

Outeiro de Rei acolleu a presentación do vídeo *Mulleres que inspiran, as que abriron o camiño*. Trátase dun vídeo realizado pola empresa BuleBule co que o Concello de Outeiro de Rei quixo dar un merecido recoñecemento ás mulleres maiores do municipio a través de oito protagonistas, todas elas maiores de oitenta anos.

Oito mulleres loitadoras, traballadoras, inspiradoras doutras moitas mulleres; mulleres que nun contexto social moi diferente ao actual, con moitas máis dificultades, co seu labor, moitas veces invisible pola falta de recoñecemento social, abriron camiño para que as mulleres das xeracións seguintes o tivesen máis doado. Mulleres que loitaron por sacar traballo e familia adiante, mulleres que perseguiron que os seus fillos e fillas tivesen unha vida mellor...

As protagonistas do vídeo son: Mª Adoración Fernández, de 98 anos de idade, agricultora e ama de casa da parroquia de San Lourenzo; María Parga Loureiro, de 97 anos, agri-

cultora e ama de casa da parroquia de Candai; Manuela López Candal, de 86 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Santa Mariña; Dolores Mouriz Arias, de 86 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Guillar; Manuela Núñez López, de 86 anos, tecelá da parroquia de Robra; Mª Concepción Piñeiro Rubinos, de 86 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Vicinte; Luisa Rodríguez Castro, de 85 anos, agricultora e ama de casa da parroquia de Silvarrei, e Celia López Montes, de 81 anos, xubilada dun negocio de mercería e zapataría na parroquia de Outeiro de Rei. O vídeo achega a través destas oito mulleres á realidade social dunha época moi próxima á actual pero na que as condicións de vida eran moi diferentes. Lembrar por exemplo que as mulleres en España exerceron por primeira vez o seu dereito ao voto en novembro do ano 1933, despois no ano 1936 e as seguintes eleccións democráticas nas que puideron participar foron as eleccións xerais de 1977.

O Máster de Fútbolín agarda un novo récord de participantes

O Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que este ano chega a viséximo cuarta edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 6, 7 e 8, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Mocidade da Deputación de Lugo colabora cunha nova edición do Máster, que organiza a asociación Bola Meiga, un torneo que figura entre os máis concorridos e veteranos dos que se celebran no Estado.

Trátase dun evento aberto á participación de persoas de todas as categorías e niveis de xogo.

Segundo explicou José Manuel Candal, a organización agarda “un récord histórico de participación fixándose como obxectivo as 600 persoas inscritas” e destacou que se “aumentou a dotación dos premios, dos 10.000 aos 12.000 euros” para engadir atractivo a un evento que moitas persoas afeccionadas ao fútbolín de distintos puntos do Estado “a data do Máster de Rábade, que facemos coincidir coa Semana Santa, está marcada en vermello no calendario”. Este ano o torneo aumenta a cuantía dos premios e engade algún tro-



feo máis polo que repartirá 12.000 euros, 2.000 máis que na edición anterior. Coa inscrición aberta, prevese chegar de novo a máis de 300 parellas participantes. As inscricións custarán 25 euros por persoa.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase no pavillón do colexio, e nas cafeterías Papyrus e Os Castro.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá un total de 12.000 euros en premios. Os de movemento e en parado estarán dotados cun primeiro premio de 1.200 euros e trofeo. O resto de premios, ata un total de 28, oscilarán entre os 600 e os 25 euros. Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo

e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán de novo cos trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concellería de Deportes para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Este ano engádesse o trofeo Guillero ao mellor xogador de Galicai, o trofeo Bola Meiga á amistade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa e o trofeo Merchi á mellor xogadora. Con este último quere se ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito o fútbolín.

O mércores 5 de abril darase o pistoletazo de saída coa presentación do evento ás 12.00 horas e o sorteo de equipos ás 15.00 horas. E as competicións iniciaranse o xoves 6 a partir das 17.30 horas coa modalidade parellas cegas.

O venres 7 será o día dedicado ás modalidades en parado e feminina, que darán comezo ás 11.00 horas.

O sábado 8 ás 10.00 horas será a quenda da de movemento e as finais xogaranse a partir das 21.00 horas para poder entregar os trofeos ás 23.00 horas.

Achega da Deputación para rehabilitar o campo de fútbol municipal

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde, Francisco Fernández Montes, asinaron un convenio polo cal a institución provincial achega 200.000€ a este municipio para a rehabilitación do campo de fútbol Catro Ventos. Os traballos, financiados integramente pola institución provincial, consistirán na renovación do muro de peche, a mellora das bancadas e a pavimentación da zona peonil.

“Trátase dunha actuación moi importante porque estas instalacións deportivas dan servizo ó equipo local, pero tamén son empregadas por moitos nenos e nenas da localidade para practicar fútbol, e mesmo para a realización de diferentes campus durante o verán”, sinalou Tomé Roca.

O proxecto contempla a renovación do peche do campo, a dotación de novas portas de acceso tanto peonil como de vehículos, a rehabilitación da bancada e a renovación da cuberta. Pavimentarase a zona peonil existente e que dá acceso

ás bancadas, tamén a plataforma para o acceso de ambulancias e de maquinaria, mellorarase o firme da zona do ximnasio existente na esquina da rúa Cantarrana co camiño Carpaciñas e demolerase a caseta de madeira do outro lado, entre a rúa Bautista Núñez e Carpaciñas.

OUTRAS OBRAS. Seguen en marcha tamén as obras para o acondicionamento dunha nova rúa peonil que o Concello está a executar xunto ao antigo cine Man grazas a unha aportación económica da institución provincial por importe de 33.000€, destinada á compra dun solar necesario para abrir a vía.

José Tomé supervisou a pé de obra os traballos, que avanza a bo ritmo e que permitirán crear en pleno centro da localidade unha nova vía pública para peóns, entre as rúas Lope de Vega e Alcalde Ángel Penas. Ademais, a actuación ofrecerá unha imaxe totalmente renovada da contorna urbana, con áreas verdes, de descanso e xogos.

Piden que se corrixa un erro na procedencia dun miliario

Dende o Colectivo Patrimonio Ancares denuncian que existe un miliario romano da provincia de Lugo que actualmente se atopa mal documentado nun museo de Astorga. O Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense de xaneiro febreiro de 1912, recolle un artigo titulado Nuevo miliario romano, escrito polo sacerdote e historiador Marcelo Macías, nel o autor escribe que o miliario apareceu cerca de Rábade, nunha finca de Victoriano Sánchez Latas sen embargo na edición de maio-xuño de 1912 do mesmo boletín o propio Marcelo Macías aclara que esta peza non apareceu en Rábade, senón en San Romao da Retorta, no concello de Guntín de Pallares.

“O miliario foi levado, como outras pezas procedentes de Galicia, para o coñecido como Museo epigráfico y lapidario que hoxe é Museo de los Caminos, inaugurado no 1913, situa-

do nun edificio do Bispado de Astorga e exposto, tal como se ve nunha foto do ano 1920, máis ou menos no lugar que ocupa na actualidade” declaran desde o colectivo.

Patrimonio Ancares informa que “quen visite o museo de Astorga, axiña se decata de que o imponente miliario, de máis de 2,5 metros de alto, semella presidir a exposición e ao seu pé hai unha cartela onde se transcribe o texto epigráfico do século I d.C. dedicado ao emperador Calígula: “Caio César Augusto, bizneto do divino Augusto. Pontífice Máximo, investido tres veces da potestade tribunicia. Cónsul por terceira vez. Pai da Patria” e onde tamén se indica a procedencia, Rábade”.

“É precisamente na procedencia do miliario onde está o erro” e añaden “a cartela que figura no Museo de los Caminos de Astorga non é correcta, ben porque non teñen cons-



tancia da corrección realizada no 1912 por Marcelo Macías, ou porque a errada procedencia tamén figuraba nalgún traballo publicado posteriormente”.

Dende o colectivo ven necesario que “a cartela que figura ao pé do miliario debe ser correcta xa que

polo este museo pasan miles de persoas ao ano que lle fan fotos ás pezas e logo divulgan unha información que non é real” e declaran que “xa lle enviamos ao museo un correo, coa documentación que o acredita, para que o corrixa” finalizan.

Melloras nunha estrada provincial

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación por preto de 600.000€ dos contratos de obras para a acometer a mellora de dúas estradas provinciais unha delas a LU-P-2901 que conecta Lugo con Guntín segundo informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

Nesta estrada, a LU-P-2901, as obras realizaranse ao seu paso polo termo municipal de Guntín. “Aprobamos unha actuación moi importante, neste caso para continuar mellorando a estrada provincial LU-P-2901, que une os concellos de Lugo, Guntín e Palas de Rei, cun investimento que supera os 315.000€ para actuacións que afectan ó tramo que vai do quilómetro 13,1 ó 18,2, á altura de Guntín”, detallou, indicando que o prazo de execución dos traballos é de 2 meses unha vez den comezo. García Porto explicou que, con este novo investimento, esta estrada quedará renovada practicamente na súa totalidade porque a obra licitada agora dará continuidade ós traballos que a Deputación realizou nos últimos anos.

A parroquia de Riomol contará cunha concentración parcelaria

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, mantivo dous encontros informativos con veciños beneficiados polas novas concentracións parcelaria decretadas nos concellos lugueses de Castroverde e Becerreá, co fin de informalos sobre as particularidades de cada un dos procesos, e mediante os cales a Xunta prevé reorganizar unha superficie de case 1.000 hectáreas.

Así, a primeira das reunións foi cos beneficiarios da parcelaria de Riomol, no concello de Castroverde. Este proceso prevé reorganizar unha superficie de 494 hectáreas, dividida en 1.192 parcelarias propiedade de 143 veciños. Neste proceso, a Consellería do Medio Rural ten previsto investir preto de 1,5 millóns de euros.

Seguidamente, a directora xeral trasladarase ao concello de Becerreá para abordar cos veciños de Guilfrei as características deste novo proceso, que prevé reestruturar unha superficie de 441 hectáreas divididas en 1.871 parcelas, propiedade de 142 veciños. Neste caso, o orzamento previsto pola Consellería ascende a algo máis de 1,3 millóns de euros.

Ao igual que o resto de parcelarias decretadas nos últimos anos, estes procesos decláranse mediante a Lei de mellora de estrutura territorial de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir os seus custos de produción. Desta forma, en Castroverde veranse beneficiadas 22 explotacións e en Becerreá 31 granxas agropecuarias.

Realizarán melloras no alumeado e no peche do campo de fútbol

Realizaranse melloras na iluminación e no peche perimetral do campo de fútbol Veiga do Olmo, en Castroverde, a través da área de Deporte da Deputación, ademais da adquisición de dous cortacéspedes.

A vicepresidenta Maite Ferreiro e o deputado de Deportes Efrén Castro visitaron as instalacións, nas que adestra e xoga a SD Castroverde, acompañados por Richard Huerta, membro da directiva do club, que expuxo as necesidades máis urxentes do recinto: o reforzo do alumeado, coa instalación de catro novos proxectores LED, e do peche perimetral, cunha estrutura de malla que complemente o muro existente.

Efrén Castro, que mantivo tamén unha reunión co alcalde de Castroverde Xosé María Arias e coa concelleira de Cultura, Pilar Ferreiro, explicou que o financia-



mento se canalizará a través dun convenio do Concello de Castroverde, que ten a titularidade das instalacións, e que contemplará, ademais destas melloras, a compra de dous cortacéspedes para facilitar o mantemento da herba natural.

O responsable provincial valorou o traballo que desenvolven os clubs

para facilitar o acceso ao deporte en todo o territorio e para crear espazos de convivencia e vínculos da mocidade co seu concello, unha actividade que apoiamos de forma continuada coas axudas de concorrencia competitiva a entidades deportivas e tamén cos premios por participación na Copa Deputación de Fútbol.

portomarín

A Deputación inviste na mellora de dúas estradas

A Deputación de Lugo iniciou as obras de mellora do firme en dúas estradas que artellan o concello de Portomarín, nas que destina un investimento de máis de 200.000€. Trátase da LU-P-4902, que comunica o Alto do Valiño con Valdeporrás por Vilaxuste, onde a institución provincial está a renovar un tramo de 3 quilómetros a partir do primeiro e ata o 4; e a LU-P-4909, de Toxibó ás Neves, onde actúa na estrada desde o punto quilométrico 2 ao 3,235.

Os traballos teñen un prazo de execución de dous meses, e contemplan a apertura de cunetas, drenaxe e limpeza, saneamento das capas existentes nas zonas con deficiencias, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización das vías mediante marcas reflexivas brancas.

Con estas dúas actuacións, a institución provincial mellorará de forma considerable as comunicacións de Portomarín, pero tamén para o conxunto da comarca e da provincia porque estas estradas de titularidade provincial son moi frecuentadas por visitantes durante todo o ano neste concello de referencia



do Camiño de Santiago.

Por un lado, a LU-P-4902 do Alto do Valiño é unha das estradas máis empregadas no municipio xa que atravesa o concello dun extremo ao outro, e comunica Portomarín coas parroquias máis grandes do concello como son Recelle e Vilaxuste. Ademais de ser unha vía moi usada como saída á nacional de Lugo a Ourense.

Así mesmo, no caso da LU-P-4909, de Toxibó ás Neves, dá un importante servizo á veciñanza xa que esta vía é moi empregada por gandeiros e gandeiras da zona para desprazarse ás súas explotacións.

o corgo

Os concellos da Vía König renovan o seu compromiso para a súa posta en valor

Os alcaldes dos municipios polos que pasa a Vía König na provincia lucense asinan un novo convenio onde se renova o compromiso dos concellos de Lugo, As Nogais, Becerreá, Baralla e O Corgo na defensa, promoción, difusión e posta en valor desta variante medieval do Camiño Francés. Neste senso, durante a firma se destacou o acordo acadado hai tres anos para sumar esforzos co obxectivo de impulsar de maneira máis eficaz actuacións para o coidado deste vía, patrimonio histórico e un importante recurso turístico.

Entre os traballos que se foron avanzando está a creación da cartografía dos traxectos, a limpeza do camiño e accións de sinalización, estudo e investigación en prol da recuperación da Vía König, así como actuacións na mellora da experiencia dos peregrinos ao seu paso polos concellos.

Nesta sinatura, ademais da rexedora lucense, estiveron os alcaldes de As Nogais, Jesús Manuel Núñez (presidente da comisión de seguimento); de Becerreá, Manuel Martínez; de Baralla, Miguel González Piñeiro, e do Corgo, Felipe Labrada. O historiador e director do proxecto é Javier Gómez Vila tamén estivo presente.



O mercado creado pola asociación Os cinco ríos do Corgo chega para quedarse

A asociación de veciños Os cinco ríos do Corgo inaugurou o mercado e rastrillo de cousas usadas que dende agora terá lugar todos os segundos domingos de cada mes.

O arranque deste primeiro rastrillo contou con postos de vendedores ambulantes con produtos de todo tipo, desde roupa e calzado ata mobles, maquinaria ou xoguetes. A xornada estivo amenizada polo grupo corguense A Legua Dereita, e contou cun posto de polbo para o disfrute dos visitantes.


Os Cinco Ríos é unha asociación integrada por veciños e veciñas de todas as parroquias do Corgo, que teñen como obxectivo impulsar

distintas propostas, promover actividades e fomentar calquera movemento de interese para a veciñanza. Nesta inauguración, ademais de numerosos veciños, tamén participou o deputado Rivera Capón que felicitou aos membros do colectivo veciñal por esta "atractiva cita", que se suma ás moitas actividades que promoven, porque abre "unha nova oportunidade para dinamizar a economía local e atraer visitantes", e, ó mesmo tempo, afirmou, "é un exemplo da puxanza e do dinamismo do tecido asociativo da nosa provincia", co que, destacou, a Deputación mantén unha liña de colaboración moi importante.

COLABORACIONES

A interculturalidade na Educación

O PUPITRE



Julio Díaz

O concepto de interculturalidade é a peza clave para posicionarse de maneira rotunda nunha defensa dos dereitos humanos como universais e da igualdade por riba das diferenzas. A interculturalidade non pode admitir xamais asimetría algunha. Hai moitas -económicas, sociais, políticas... - e todas elas deben ser combatidas. Pero a nós, como educadores, correspóndenos directamente combater as propiamente educativas, que tamén existen. O

sistema educativo debe ser adaptativo e transformador, considerando as diversas realidades económicas e socioculturais, nun marco de interacción comunicativa.

Debemos partir do axioma fundamental de que non existen culturas mellores nin peores. A natureza é moi diversa e non hai cousa máis xenuína no ser humano que a súa diversidade.

A escola do Século XXI, debe saber que as persoas que a integran son moi diversas á hora de adquirir ou xerar coñecemento e isto é así porque teñen diferenzas cognitivas, afectivas e sociais, ademais doutras de xénero, étnicas ou culturais. Compartir e aceptar esta realidade implica un proxecto que non se re-

fire a rapazas/rapaces hipotéticas/os, senón a un proxecto comprensivo, único e diverso que permita novas formas de sociabilidade e cuxo epicentro sexa a diversidade e non a uniformidade.

Na aceptación dunha nova sociedade pluricultural, é preciso recoñecer a importancia da educación á hora de ofrecer unhas respostas adecuadas ás distintas necesidades sociais. Por iso, a educación na diversidade non debe ser fonte de enfrontamento, senón un compoñente máis que enriqueza a nosa cultura. O feito de que os nosos alumnos procedan de culturas diferentes, lonxe de supor un problema, debemos expolo como unha excelente oportunidade para educalos en valores máis diversos.

Nós, os docentes, temos a función de mediar con eficacia no diálogo entre culturas, o que nos leva a intentar acadar que as/os nosas/os alumnas/os recoñezan e acepten a diferenza cos outros como un valor, considerando esta, como unha diversidade enriquecedora e non como unha desigualdade.

Debemos difundir unha cultura de conciliación, o que esixe reclamacións sociais entre persoas de igual a igual, que sempre se producirán polo recoñecemento mutuo e nunca polo poder dominante dunha raza, cultura ou sexo.

Tamén debemos ser capaces de concretar nas/nos nosas/os alumnas/os a capacidade de buscar sempre solucións negociables, in-

tentando descubrir os valores do outro, destacando sempre o que nos une máis que o que nos separa, de maneira que se chegue a puntos de encontro.

Gustaríame rematar esta reflexión citando unha recomendación do Consello de Europa:

“ Unha pedagogía intercultural non é xustaposición de materias culturais, nin unha amalgama das mesmas. O obxectivo que se persigue é un enriquecemento e comprensión mutuas a través da aprendizaxe baseadas sobre o fondo cultural de cada un, a fin de que se respecte a cultura de cada quen, se valore aos ollos dos demais, e que a práctica se apoie sobre unha realidade cultural en vez de negala”.

O Poder do campo holandés

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Recentemente celebráronse eleccións locais e rexionais en Holanda, e a sorpresa veu dada polo magnífico resultado dunha organización política denominada Movimento Campesiño Cidadán.

Este país é un dos máis avanzados da Europa Comunitaria e actualmente denomínase Países Baixos, nome que ven motivado porque case un tercio do seu territorio se atopa por debaixo do nivel do mar. Unha grande obra de enxeñería, coa construción de barreiras e diques, impide que o océano devore campos e localidades, existindo vida e produción, agraria e industrial, nese terreo que foi conquistado á Natureza.

Se alguén viaxa ao longo desta nación, que é unha monarquía parlamentaria, descubrirá zonas rurais con cantidade de granxas de va-

cún -de leite e de carne-, de ovelas e cochos, así como extensas fincas cultivadas de flores. Chama a atención o verde dos prados, incluso no verán, que adoitan estar rodeados de canais de auga por todas partes e que amosan unha cor verde constantemente.

Sen ningún xénero de dúbidas, Holanda é un dos estados máis puxantes no noso entorno e as súas xentes amosaron sempre un carácter emprendedor. Os indicadores están aí; o desemprego, inferior ao cinco por cento e a renda per cápita é o dobre da que temos nosoutros aquí en Galicia. Por certo, a emigración galaica tamén tivo neste país un dos seus destinos.

Voltando a esas eleccións locais, cómpre analizar as causas dese resultado obtido polo citado Movimento Campesiño Cidadán, que está a ser capitaneado por unha xornalista. Esta forza emerxeu de súpeto grazas en parte a un malestar xeral de agricultores e gandeiros -os cales apenas representan o dous por cento da poboación activa- ás medidas que se están a

impoñer desde o goberno central para mellorar as condicións medioambientais. Esas normas afectan de cheo ás explotacións holandesas, xa que esa normativa que se pretende implantar levaríase por diante tres de cada dez granxas lácteas e porcinas, ao non ser capaces de adaptarse aos obxectivos de redución das emisións de CO2 que se pretenden. As protestas de labregos e gandeiros agudizáronse nos últimos tres anos, con tratoradas e marchas multitudinarias, poñendo contra as cordas ao mesmo goberno, ata o punto de ter un partido político propio que ven de obter un espectacular resultado nas urnas. A voz do campo holandés escoitárase con máis forza que nunca a partir de agora e non lles quedará máis remedio aos dirixentes do país que consensuar esas decisións que se estaban a tomar desde os despachos. A democracia ten estas cousas; o descontento dun sector como o agrario e gandeiro, que produce alimentos para consumo dos seus compatriotas e que ex-

O RECUNCHO DE CANELINA



porta ao exterior, manifestouse nunhas votacións. Quere seguir producindo, creando riqueza e dándolle de comer á poboación. Por suposto que os problemas co medio ambiente están aí e máis nunha zona moi sensible polas

súas especiais características. Pero a súa protección debe compatibilizarse co dereito a seguir coa actividade.

O pobo holandés acaba de dar unha lección. Igual cumpriría tomar nota.

DEPORTES

Convocada a novena edición da carreira popular de Friol

A novena edición da carreira popular de Friol regresa este mes de abril, concretamente o sábado 22.

Esta nova edición da carreira popular en Friol terá saída na Praza de España (diante do Concello). Haberá dúas categorías: a de menores que comezará ás 17:15 horas para seis categorías diferentes (100, 300, 700, 1400 metros); e a absoluta, que terá como hora de inicio ás 18:00 horas, cuxo recorrido será de cinco quilómetros para xuvenil, adultos e máster.

A saída está prevista na Praza de España e a chegada na Avenida de Lugo, á altura do colexio. A entrega de premios será sobre as 19:00 horas diante da casa consistorial. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría, agás os máis pequenos e tamén para o grupo dos atletas locais.

Os máis pequenos recibirán todos medalla conmemorativa e repartiranse camisetas para todos os participantes ademais dunha cesta de produtos típicos para os tres primeiros clasificados masculinos e os tres femininos da absoluta.

A inscrición está aberta ata o 18 de abril e pode facerse na web championchipnorte.com. Será gratuíta para as categorías de menores e terá un prezo de 3 euros para a absoluta.

O II Aberto do Castiñeiro trocou nunha exitosa xornada un domingo desapacible

Por Daniel Rodríguez Saavedra da Asociación O Varal

No campo de fútbol de Pacios, disputouse a décima xornada da LNB NorLeste, o II Aberto do Castiñeiro, nun domingo desapacible que ameazaba choiva mais que a moño foi trocando e converténdose nunha exitosa xornada billardeira.

Xuntáronse en total sesenta e cinco palanadores de tódalas idades (tres cativos, quince donas e corenta e sete homes). As puntuacións, agás pequenas excepcións, foron bastante acordes á gran calidade da maioría de palanadores.

A guinda púxo a Santi de Carabullo con cuasipleno de vintecatro puntos. Figura clasificado pouco máis arriba da metade da taboa, mais de non ter faltado a gran parte dos abertos, estaríamos ante un dos líderes da tempada.

Segundo foi “o mago de Castropol” David Navallo de Troitas Bravas e terceiro unha das xovens estrelas de Madia Leva, Diego, que superou nun emocionante desempate a todo un veterán como é Sachas de Troitas Bravas.

Na categoría de donas estréase no



podio Cris dos anfitrións Castiñeiro Milenario, seguida das Billardeiras Musicais, Aroa e Dori.

En infantís, Diego subiu novamente o podio como gañador acompañado dos compañeiros de equipo de Madia Leva, Mateu e Maré.

Por equipos dominaron Carabullo e Troitas Bravas, que empataron a puntos sendo gañador o primeiro por mellor puntuación individual do gañador da xornada. Terceiros foron os de Madia Leva.

Moi boa a organización da Asociación Castiñeiro Milenario para este aberto que culminou coa entrega dos sabrosos agasallos que o remate do aberto entregaron os gañadores.



O Palas está en Segunda e o Lugo volve cambiar

O Club Deportivo Palas conseguiu o ascenso directo á segunda división autonómica tras un partido celebrado contra o Monterroso B.

O encontro, disputado no Anexo Cerdeiriños, rematou cunha vitoria para o equipo visitante, dirixido por Brais Vázquez, por un gol de diferenza cun resultado final de dous goles a tres.

Os membros do equipo celebraron a vitoria deste derbi da Ulloa paseando polas principais rúas da cidade no remolque dun tractor.

Este é o primeiro ascenso para a comarca, que se completou na categoría co Vilalbés B e o Mondoñedo no norte e o Quiroga no sur.

Ademais, disputarán os play off tamén polo ascenso dous equipos vilalbeses, o Friol B e o Abadín. Tamén

loitarán nas eliminatorias o Incio, o Rubián, O Páramo e o Sober.

CD LUGO. Pola súa banda, o Lugo non levanta cabeza. Segue de colista na Segunda División e trala treboada de metade de tempada, volveu facer cambios coa intención de evitar o descenso. Conta con novo adestrador tras alcanzar un acordo con Íñigo Vélez de Mendizábal, de Vitoria.

Vélez chega ao Anxo Carro como un dos adestradores novos a destacar no panorama nacional das últimas tempadas, conseguiu o histórico ascenso coa SD Amorebieta a LaLigaSmartbank na tempada 20-21, e tamén atesoura unha traxectoria notable como futbolista en conxuntos como SD Eibar, Athletic Club de Bilbao ou CD Numancia, entre outros.

O traballo case feito

Por Adrián Fernández

Pese a rematar o mes de marzo cun rendemento irregular con dúas derrotas na casa ante rivais da zona baixa, o Breogán consegue chegar a esas doce vitorias que semellan ter o obxectivo da permanencia xa asegurado.

Volvíase ao Pazo despois do parón polas competicións FIBA recibindo ao Betis, o penúltimo da Liga. Un encontro inolvidable marcado polo acerto de cara a canasta por parte dos dous equipos, moita igualdade que provocou ter que xogar dúas prórrogas nas que por desgracia levarían a vitoria os de Sevilla por 114-115 da man dun increíble Montero que anotaría 28 puntos facendo inútiles os 24 e 10 rebotes de Nenadic que acadaría 35 de valoración e sería nomeado xogador da xornada.

Había que sacarse ese mal sabor de boca e que mellor que facelo na casa do colista, o Fuenlabrada. E así foi, o Breogán reencontrouse coa vitoria (73-92) tras rachalo partido no terceiro cuarto cun parcial de 18-37 esta vez da man de Happ e Nakic, 25

e 24 de valoración respectivamente. Recuperada a boa imaxe recibíase ao Zaragoza, outro rival directo que estaba a mellorar moito o seu rendemento, unha melloría que faríalles levar a vitoria por 71-87 nun encontro no que os aragoneses controlaron o marcador durante todo o tempo, un partido deses nos que todo sae mal e por moito que o intentes a pelota non quere entrar polo aro, e todo isto xusto antes de xogar o derbi en Santiago.

Si, chegou a volta do derbi, e os da capital querían vinganza, todo a favor para eles, dubidas no rendemento nos de Lugo e o factor de xogar no Sar, cancha na que o Breogán nunca gañara antes. Pero din que as estatísticas están para rompelas e así foi; outra vez á volta do descanso o equipo remontaría cun parcial de 10-22 un encontro que iamos perdendo por 8 puntos; outra vez no terceiro cuarto, ese período maldito que sempre nos saía mal agora é onde mellor xogamos. Ao final vitoria histórica por 67-74 dun Breogán que semella feito para gañar aos de San-

tiago como se fose o único obxectivo da tempada.

Agora toca deixala euforia a un lado e afrontar un mes de abril moi duro con seis partidos, todos eles contra equipos que ocupan postos de play-off, tres na casa Joventut, Real Madrid e Unicaja; e tres fora Gran Canaria, Tenerife e Baskonia, por sorte collen ao equipo nunha boa posición aínda que non hai que relaxarse e porqué non aspirar a algo máis.

Visto o alto rendemento que está a dar o plantel, a directiva xa está a traballar no ano que ven comezando coa renovación do adestrador Veljko Masic, o gran artífice do éxito do equipo, e esta a punto de renovar tamén a Nakic e Momirov, dous xogadores deses que non acapan portadas pero que todos queren ao seu lado.

Por último, a noticia da incorporación de Nikola Tanaskovic para substituír ao lesionado Lukovic. O xogador serbio ven de promediar 13,7 puntos e 5,9 rebotes na Liga Adriática e 12,6 puntos e 8,3 rebotes na BCL co lgokea bosnio.

Abre o prazo para as axudas da Deputación a deportistas

Abriu o prazo de solicitude das bolsas para deportistas individuais convocadas pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A área de Deportes distribuirá 230 bolsas, 45 máis que na pasada edición, ampliando a cobertura destas achegas que teñen como obxectivo fomentar a participación de deportistas de modalidades individuais en competicións, contribuindo a financiar os gastos asociados a esa actividade. As bolsas oscilan entre os 300 e os 2500 euros e supoñen un investimento total de 100.000 euros.

O deputado de Deportes Efrén Castro sinalou que “aumentamos nun 18% a contía destinada a esta liña de apoio ao deporte para atender unha demanda crecente nas últimas convocatorias. Medra a participación deportiva e tamén o nivel competitivo con deportistas lucenses con excelentes resultados nas súas par-

ticipacións en probas tanto de nivel galego como estatal”.

O responsable provincial explicou que “a convocatoria trata de responder sobre todo ás necesidades de deportistas en etapas de iniciación, e polo tanto de colaborar nuns gastos que atenden fundamentalmente as familias, desde licenzas ou inscricións en competicións ata transporte ou o material deportivo”.

As contías asígnanse en función dos resultados deportivos acadados en probas e campionatos en cada nivel de competición, desde campionatos provinciais ata europeos e mundiais, ao longo de 2022. O prazo de solicitude é de 10 días hábiles, polo que permanecerá aberto ata o 11 de abril. As bases e modelos de solicitude, publicado no Boletín Oficial da Provincia deste sábado 25 de marzo, están dispoñibles na web deputacionlugo.gal, no apartado de Deportes.



O CD Lugo Sala estará na final da Copa Galicia

O CD Lugo Sala vén de conseguir unha histórica clasificación para a final da Copa Galicia Masculina tras vencer ao Outeiro de Rei por un contundente 2-8.

O partido disputado no Pavillón Municipal de Outeiro de Rei, cun gran número de público, chegaba ao descanso con vantaxe de dous goles para o CD Lugo cun resultado de 1-3.

Na segunda metade os albivermellos acabaron de impoñer o seu xogo e sentenciaron o partido por 2-8 cando os de Outeiro bus-

caban unha reacción con porteiro xogador. O equipo de Dani Díaz conseguía así unha histórica clasificación para a Copa Galicia e continúan coa boa tempada que están a realizar cerca de materializar o seu primeiro posto no grupo 1 da segunda división B de fútbol sala nacional.

Na final os lucenses enfrontaranse ao Noia, que eliminou ao Parrulo Ferrol nas semifinais, nunha final que se disputará o mércores 17 de maio no pavillón Agustín Mourís de Noia.



Alonso Liste presenta o vehículo co que disputará o europeo de escalada de montaña

O piloto lucense José Antonio Alonso Liste disputará de novo o Campionato de Europa de Escalada de Montaña da FIA.

Liste presentou o vehículo Ginetta G55, que un ano máis foi revisado e posto a punto por alumnos e profesores do Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) As Mercedes. O acto tivo lugar no propio instituto e contou tamén coa asistencia do director, Joaquín Expósito.

Nesta ocasión crearon e instalaron un volante que incorpora sete controis ou accionamentos que estaban situados antes no cadro principal, co que o piloto accederá con maior axilidade e seguridade ao control de freos, tracción, dirección ou presión hidráulica, entre outros. Igualmente,

encargáronse de substituír as pezas que acusaron o desgaste da pasada campaña ou pintar a parte dianteira do coche.

Nos traballos participou o alumnado de segundo curso do ciclo medio de Carrocería e o do curso de especialización en Fabricación intelixente, un máster de FP ao que poden acceder graduados en Robótica, Electrónica ou Mantemento industrial.

O Campionato de Escalada de Montaña comeza o 14 de abril en Saint Jean du Gard (Francia). Consta de dez carreiras, das que cada piloto debe elixir un mínimo de oito. A única cita en España é a Subida Internacional ao Fito, que se celebrará en Arriondas (Asturias) entre o 5 e o 7 de maio.

A próxima carreira do Corre con Nós será o 23

O Circuito Larsa Corre con nós celébrase un ano máis na que é xa a súa 21 edición. O circuito deste ano conta cun total de seis carreiras que aglutinan diferentes percorridos e distancias e contan con retos para todas as idades.

Tres das seis carreiras xa foron celebradas nos primeiros meses do ano e actualmente hai case 1700 persoas inscritas.

A próxima proba terá lugar o domingo 23 de abril na contorna do Impulso Verde e do CC As Termas e as inscricións aínda están abertas a través da páxina web <https://correconnos.com>.

A recollida de dorsais realizarase en Intersport Lugo (Edificio Pimentel en rúa Bispo), en horario comercial o xoves a tarde, venres mañá e tarde e sábado durante a mañá.

As seguintes citas son o 6 de maio na carreira do Tour Talento e o 11 de xuño na carreira final. Nesta de-



radeira proba premiaranse ás tres persoas que acaden as primeiras clasificacións cun trofeo nunha clasificación final definitiva de todo o conxunto.

En canto as clasificacións por grupos, haberá unha clasificación final escolar, outra familiar e tamén por equipos.

Esta edición ademais contará cunha gala final de entrega de premios, que será unha festa do atletismo popular lucense con sorpresas e actividades durante a cerimonia.

O CB Breogán renova a Veljko Mrcic

O Club Baloncesto Breogán anunciou a renovación do actual adestrador Veljko Mrcic para continuar ao mando do equipo para a vindeira tempada.

Esta continuidade, esperada polas dúas partes, xa foi avanzada por parte do adestrador e do director xeral do club, Tito Díaz, que manifestaron a intención de prolongar o contrato do técnico, unha negociación que "frutificou segundo o esperado".

Veljko Mrcic chegou ao Río Breogán avanzada a tempada 2021/2022, sendo unha peza cruce "na boa marcha do equipo, que participou na Copa do Rey de Granada e mantivo opcións de entrar en play off ata ou tramo final nunha tempada histórica" declaran dende o club celeste.

O traballo de Mrcic, co resto do corpo técnico e dirección do club, continuou na presente campaña na que, "cun equipo moi renovado, mantivo opcións de entrar en copa ata a última xornada dá primeira volta e acumula 10 vitorias en 21 partidos".

Pol terá no verán unha cita co Campus Kingtela

Do 1 ao 8 de xullo de 2023, a localidade de Mosteiro, no concello de Pol, acollerá a III Edición de Campus Kingtela. Unha semana repleta de moito baloncesto, un equipo técnico de primeiro nivel, xogadores profesionais, actividades, noites temáticas, competicións, piscina... e dos irmáns Erik e Sergi Quintela.

Ademais haberá fisioterapeuta, seguimento e enfermería, e por suposto un servizo de bus entre Lugo e Mosteiro e viceversa.

O campus conta con dúas modalidades, interno e externo. A interna ten aloxamento, 5 comidas, veladas nocturnas, adestramentos nocturnos e activación matinal e todo por un prezo de 430 euros; e o réxime externo son 3 comidas, a chegada é ás 10.00 horas e a saída ás 19.45 horas por 270 euros.

O campus terá descontos para os que se inscriban antes do 15 de abril no concello de Pol, de 50 euros para internos e de 30 para externos. A



actividade está dirixida a rapaces e rapazas nados entre 2005 e 2016. Haberá agasallos como a equipación completa (camiseta e pantalón) máis cubre, un diploma de participación, un póster oficial Campus Kingtela e variados sorteos e moitas máis sorpresas.

Nerea Méndez, do Waterpolo Lugo, xogará o campionato de España

A xogadora lucense do Club de Waterpolo Lugo, Nerea Fernández Méndez, xogará representando a Galicia no campionato de España infantil por federacións territoriais que se celebrará do 1 ao 4 de abril na piscina M86 de Madrid. O equipo Club Waterpolo Lugo, que naceu no 2018, conta esta tempada por primeira vez con equipos de categorías inferiores en competición oficial. Tanto o equipo infantil como cadete están xogando a liga autonómica co obxectivo de seguir crecendo desde a base e darlle continuidade a este proxecto deportivo.



DE RUTA EN RUTA

Pol: Ruta polo corazón polense

A paisaxe é o primeiro valor do Concello, distinto e multiforme, ás veces sorprendente

Esta ruta foi creada e sinalizada con motivo do V Encontro Astur-Galaico e que tratou de amosar aos participantes unha pequena mostra dos encantos que ten o Concello de Pol.

O tramo ten un trazado sen complicacións, optima para desfrutar relajadamente dos monumentos polos que se pasa e da paisaxe rural do municipio.

Unha descripción máis pormenorizada atópase no tríptico editado para a ocasión.

A primeira parada da ruta é a Santiña de Xerbolés, un monumento na honra a nosa Señora do Carmen e que se considera o escudo protector do propio Concello. Seguindo o paseo poderase admirar o escudo en granito e de forma ovalada da Casa de Dourado ou Pallín, que é de estilo barroco e que contén as armas heráldicas. Máis adiante atópase a capela de Xerbolés situada nunha fermosa e frondosa paisaxe entre o silencio das chousas, carballos e bidueiros. Seguindo o camiño ata Suegos está a capela das Neves, que se considera do século XVII, e des-

pois a fonte de Sambade que é de augas férreas.

Xa en Lea está o muíño de Páxaro, o escudo en granito cun emblema sagrado da Casa Vilar, o cruceiro de 1793 incrustado nunha parede formando parte do muro da Casa de Carballo, a igrexa de San Bartolomeu que data do primeiro terzo do século XIX e a Casa de Teixeira ou Abogado que conta con dous escudos. Un, cunha árbore e unha aguiña coroada e o outro, de labra máis fina, ademais dos motivos do anterior, presenta catro estrelas sobre o plano refundido e a M dos Montenegro coa O na parte superior. Tamén presenta inscricións nas súas columnas. Ten un corredor, con escaleiras exteriores sobre piares de pedra.

Na parroquia de Cirio poderase admirar o Pazo de Fondón ou Trigo que conta cunha capela na honra a San Vicente, e da fonte de Fondón de 1818 e situada na parte exterior do pazo.

En Arcos de Frades atoparase a igrexa de finais do século XVIII e no seu interior un reloxo de sol que é replica do orixinal do ano 1902. Ao pasar por Silva estará o cruceiro de Ventín, e máis adiante xa asomará a área recreativa e o muíño do Pacio en Mosteiro, coa súa Carballeira. Nesta frondosa praza celébrase a finais do mes de agosto a Festa do Emigrante e hai un pequeno palco de música con placas conmemorativas, tradición que se leva facendo dende 1984. Así mesmo poderase admirar a escultura ao cazados, feita por Puchades, e a escultura do Emigrante, en honra aos emigrantes do Concello.



DATOS



5 horas



20 km.


Dificultade
Fácil

La vida merece ser escuchada.

Tu audición en manos de profesionales.



Prueba gratis tus audífonos durante 15 días



federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76

